

REUNIÓN DA COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

Acta número 46, 18 de xullo de 2023

LUGAR: Facultade de Formación do Profesorado

A sesión realízase a distancia, sesión virtual a través da plataforma institucional Ms Teams, de acordo coa lexislación aplicable no artigo 17 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e co "Protocolo para o uso de medios electrónicos nas reunión de órganos colexiados da USC" publicado no Taboleiro Electrónico da USC o 28/04/2020.

DATA: 18 de xullo de 2023

HORA DE COMEZO: 16:30 h.

HORA DE REMATE: 18:25 h.

ASISTENTES

Aznar Cuadrado, Virginia (PDI)

Campos Magdaleno, María (PDI)

Dosil Díaz, Carlos (PDI)

López Gómez, Santiago (PDI)

López Rúa, Paula (PDI)

Otero Urtaza, Eugenio Manuel (PDI)

Romero Castro, María José (PDI)

Sarceda Gorgoso María Carmen (PDI)

Souto Seijo, Alba María (PDI)

DESCULPA ASISTENCIA

Brao Viña, Ana M^a (PAS)

ORDE DO DÍA:

1. **Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores (achéganse actas nº 44 e nº 45)**
2. **Memoria de Calidade do Centro 2021-22. Debate sobre o informe da Área de calidade e aprobación, se procede, dos cambios no documento (achégase Memoria).**
3. **Informe das Coordinacións de Título do Grao en Mestre/a de Educación Infantil, Mestre/a de Educación Primaria e Dobre Grao en Mestre/a de Educación Infantil e Educación Primaria, sobre a marcha do curso 2022-2023. Análise, reflexión e acordos a tomar (achéganse informes).**
4. **Debate e aprobación, se procede, da 2ª edición do documento marco de coordinación (achégase documento).**
5. **Informe de execución do Plan FORTE no curso 2022-2023. Análise e reflexión sobre a eficacia do Plan, e acordos a tomar (achégase informe).**
6. **Informe sobre a xornada de benvida 23-24 para o alumnado dos graos.**
7. **Debate e aprobación, se procede, da proposta de sesión informativa sobre programas de mobilidade e a súa posible integración no Plan FORTE-FFP.**

8. **Debate e aprobación, se procede, da proposta de elaboración dun documento-guía con orientacións para profesorado de nova incorporación.**
9. **Rolda aberta de intervención.**

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores (achéganse actas nº 44 e nº 45).

A presidenta da comisión de Calidade somete a aprobación as actas nº 44 e nº 45. Apróbanse por asentimento.

2. Memoria de Calidade do Centro 2021-22. Debate sobre o informe da Área de calidade e aprobación, se procede, dos cambios no documento (achégase Memoria).

A presidenta da comisión cede a palabra á vicedecana Paula López Rúa. Esta indica que a Área de Calidade enviou un informe con recomendacións e, atendendo a este informe, fixéronse modificacións na memoria: engadiuse información sobre a política de calidade da Facultade máis específica, como datos relacionados coa formación de mestres, e engadiuse tamén información sobre as taxas de superación de materias de tódalas titulacións. Seguindo as recomendacións da Área de Calidade tratouse de cuantificar algúns obxectivos, como por exemplo aumentar un 5% a mobilidade do alumnado como suxeriron. Discútese que non todos son obxectivos cuantificables. No caso da mobilidade, este aumento non se vai poder acadar porque as prazas Erasmus+ cóbrense sempre e nas demais, por exemplo SICUE, non se poden controlar as variables, sobre todo económicas, que inflúen. Tampouco depende da FFP aumentar nunha determinada porcentaxe a participación do alumnado nas enquisas de Calidade, xa que son eles quen as xestionan, ou aumentar a porcentaxe de PDI estable, ou aumentar os proxectos concedidos en convocatorias de Aprendizaxe Servizo. A vicedecana tamén indica que a Área de Calidade insiste en fixar obxectivos cuantitativos aínda que non se poidan cumprir. Isto non parece correcto xa que temos que pensar en metas alcanzables.

Despois de debater estas modificacións, sométese a aprobación a Memoria de Calidade do Centro 2021-2022. Apróbase por asentimento.

3. Informe das Coordinacións de Título do Grao en Mestre/a de Educación Infantil, Mestre/a de Educación Primaria e Dobre Grao en Mestre/a de Educación Infantil e Educación Primaria, sobre a marcha do curso 2022-2023. Análise, reflexión e acordos a tomar (achéganse informes).

A presidenta da comisión da a palabra ás coordinadoras de título, agradecendo o seu labor. Alba María Souto Seijo, coordinadora da titulación de Grao en Mestre/a de Educación Infantil, e María Campos Magdaleno, coordinadora da titulación de Grao en Mestre/a de Educación Primaria e Dobre Grao en Mestre/a de Educación Infantil e Educación Primaria, tamén agradecen a colaboración dos coordinadores de curso e especialmente a axuda da vicedecana Paula López, por ser a anterior coordinadora da titulación de Primaria e Dobre Grao, e destacan os aspectos máis salientables dos informes de titulación de xeito resumido. Poden consultarse os informes completos no anexo desta acta.

A continuación desta exposición, a decana Carmen Sarceda fai incidencia nalgúns problemas indicados polo alumnado nas enquisas de satisfacción, como os horarios, e na baixa participación do estudantado nestas enquisas.

A profesora María Campos indica que para mellorar a participación sería interesante dispoñer dun momento para cubrir as enquisas. Para iso pódese contactar con docentes concretos e pedirilles uns minutos da súa sesión de clase para isto. A profesora Virginia Aznar comenta as dificultades que teñen surdido no curso anterior a este respecto. Carmen Sarceda engade que no caso de que non estea garantida a cesión deses minutos, dende decanato pódese poñer unha data e un horario concretos para completar as enquisas nas aulas. O profesor Santiago López está de acordo coas suxestións para animar a o alumnado a cubrir as enquisas e lembra as datas nas que hai que estar pendentes (primeiros días de decembro e primeiros días de maio).

Con respecto ás queixas do alumnado referidas aos horarios, Santiago López comenta que xa se ten analizados e que non hai posibilidade de mellora. Carmen Sarceda indica que a percepción do alumnado é que só ten que traballar os días que ten clase na Facultade. O profesor Eugenio Otero suxire que sería adecuado organizar os horarios en función do alumnado e ao longo dos cinco días da semana para que os/as estudantes participasen noutras actividades, cursos, conferencias, etc. que se fagan na facultade. A decana, Carmen Sarceda, explica que parte do problema é o alto número de profesorado asociado que ten limitada a súa docencia a determinadas franxas horarias e a limitación de espazos na facultade para grupos grandes. Indica que se buscará a maneira de ter un horario racional para todos. O vicedecano Santiago López incide en que o número de profesores asociados é moi elevado e tamén sinala como dificultades o horario limitado de utilización do pavillón (mención de Educación Física), a conciliación á que ten dereito o profesorado e a docencia compartida dalgúns docentes en varias facultades. Insiste en que son moitas casuísticas diferentes a ter en conta que dificultan facer horarios máis axeitados para o alumnado.

Acórdase valorar en que medida se poden mellorar estes aspectos.

4. Debate e aprobación, se procede, da 2ª edición do documento marco de coordinación (achégase documento).

A presidenta da comisión dá a palabra a vicedecana Paula López Rúa. A vicedecana indica que o documento marco elaborárase antes da pandemia e que era preciso facer unha actualización. Explica que se fixeron algúns axustes no texto, como por exemplo facer referencia aos calendarios de tarefas, e introducíronse novas versións dalgúns anexos, como as enquisas de coordinación, a ficha de revisión de programas ou o modelo do informe de coordinacións dos títulos, aínda que estes documentos actualizados xa se estaban a utilizar en cursos pasados. O documento atópase aloxado na web da facultade.

Despois desta revisión do documento, a presidenta da comisión, Carmen Sarceda, some a probación a 2ª edición do documento marco de coordinación. Apróbase por asentimento.

5. Informe de execución do Plan FORTE no curso 2022-2023. Análise e reflexión sobre a eficacia do Plan, e acordos a tomar (achégase informe).

A presidenta da comisión cede a palabra á profesora Paula López Rúa, que exerceu como coordinadora do Título de Primaria e o Dobre Grao durante a meirande parte do curso académico, sendo na actualidade Vicedecana da Facultade. A profesora Paula López solicita que conste como anexo á acta o informe completo de execución do Plan FORTE, e sintetiza os datos sobre as actividades desenvolvidas no curso 2022-23 dentro das diferente liñas do Plan, o cal abrangue aos Graos de Primaria e Infantil e tamén ao Dobre Grao, en tanto que o dito alumnado cursa as dúas titulacións. No informe proporciónanse datos sobre a posta en marcha desas actividades, que xustifican a súa continuidade en vindeiros cursos ou a organización de

actividades similares, tendo en conta, por exemplo, o interese da actividade para a formación do estudantado, os datos de participación na mesma, a resposta ou acollida da actividade por parte do alumnado, os datos das enquisas de satisfacción coa actividade (de habelas), as incidencias detectadas, etc.

Analizadas no seu conxunto as liñas do Plan por parte dos membros da Comisión de Calidade, e revisada a eficacia das diversas actividades que o compoñen, a Comisión de Calidade valora positivamente as diferentes iniciativas do Plan, e acorda continuar coa súa implementación no curso 2023-24, desenvolvendo as liñas do Plan coas mesmas actividades ou outras de similar natureza coas actualizacións e axustes pertinentes. Asimesmo, acorda seguir facendo un seguimento das condicións de desenvolvemento do Programa de Alumnado Titor da USC para valorar a súa continuidade no Plan FORTE.

A profesora Paula López Rúa lembra que, tal e como se acordou na anterior reunión da Comisión de Calidade, a partir do curso 2023-2024 o Plan FORTE desenvolverá a Fase 2 e estenderase aos Mestrados. Como Vicedecana da Facultade con competencias relacionadas co Sistema de Garantía de Calidade do Centro, ofrécese a coordinar a actividade de recollida de datos por parte dos diferentes responsables dos Títulos de Grao e Mestrado para a elaboración dos sucesivos informes de execución do Plan.

A presidenta da comisión agradece todo o traballo realizado e destaca a valoración positiva deste informe de execución do Plan FORTE-FFP no curso 2022-2023.

6. Informe sobre a xornada de benvida 23-24 para o alumnado dos graos.

A presidenta da comisión cede a palabra a vicedecana Paula López Rúa. A vicedecana comenta que tiveron unha reunión de coordinación de titulación o 6 de xullo na que participaron as coordinadoras dos títulos de Grao de Mestre/a de Infantil e Grao de Mestre/a de Primaria e Dobre Grao, Alba María Souto e María Campos respectivamente, e os vicedecanos Santiago López e Paula López. Nesta reunión determináronse os temas a tratar na Xornada de Benvida do alumnado de 1º curso, debatéronse cuestións organizativas das sesións presenciais e revisáronse as presentacións virtuais para axustar os seus contidos. Nesta reunión propúxose dividir a información que se aporta ao alumnado en: a) unha presentación que conteña información básica e a enquisa de satisfacción, que estarán aloxadas nas aulas virtuais de coordinación de 1º curso, e b) unha presentación con información complementaria útil para todos os cursos, que estará dispoñible nas aulas virtuais de coordinación dos títulos. A vicedecana indica que esta información complementaria pódese incorporar no Plan FORTE-FFP como iniciativa de orientación académica.

O vicedecano Santiago López xustifica esta división da información argumentando que, en edicións anteriores, había moita información que se solapaba. Ademais, considera que o alumnado precisa ter información básica que poida manexar nun primeiro momento e que posteriormente pódese ir engadindo máis información de xeito paulatino.

7. Debate e aprobación, se procede, da proposta de sesión informativa sobre programas de mobilidade e a súa posible integración no Plan FORTE-FFP.

A presidenta da comisión cede a palabra a vicedecana Paula López Rúa. A vicedecana informa de que asumiu as tarefas de responsable académica de mobilidade (RAM). Indica que un dos principais problemas que hai na FFP é que hai escasa mobilidade e cómpre facilitala. Na facultade témonos comprometido a facer publicidade dos diferentes programas de intercambio.

Para mellorar esta situación a vicedecana somete a debate un incremento da publicidade destes programas de intercambio mediante unha sesión informativa, impartida por ela mesma, sobre as ofertas de mobilidade que ten a USC (Erasmus+, SICUE, Convenios bilaterais, Prácticas Erasmus+, Credit Mobility e outros tipos de prazas que poden ter axuda económica) e onde atopar esa información. A sesión podería ser presencial e virtual no mes de outubro.

Debátese a que cursos estaría dirixida esta sesión, acordando que sería aconsellable, non só para 2º e 3º curso, senón para todo o alumnado. As razóns que se indican son: para o alumnado de 1º curso, aínda que non poida solicitar praza nestes programas, estaría informado chegado o momento e tería tempo de conseguir as certificacións no idioma correspondente de ser preciso e, para o alumnado dos últimos cursos, mentres non teñan feito o depósito do título, poderían acceder ao programa de Prácticas Erasmus+.

A vicedecana indica que isto é una actividade de orientación e formación e polo tanto se pode incluír no Plan FORTE-FFP.

O vicedecano Santiago López apunta que a mellor data para facer a sesión informativa é primeiros de outubro, porque parte do alumnado interesado comeza o Practicum a finais deste mes. A decana, Carmen Sarceda, indica que publicitando todas as prazas de intercambio podería animarse ao alumnado e aumentar o 5% a mobilidade do estudantado da FFP.

A vicedecana Paula López consulta se para o vindeiro curso se poden ofertar becas para prazas SICUE con fondos da FFP. A decana indica que si, e ademais se poden dotar economicamente co que recibe a facultade polo premio da última Convocatoria de recoñecemento de boas prácticas de Calidade. O inconveniente é que o exercicio péchase a finais de outubro e non permite aproveitar esta oportunidade este curso 23-24. A profesora Virginia Aznar apunta que este vindeiro curso podería becase unha praza con fondos da facultade e para cursos seguintes aumentar a dotación económica para máis prazas. A vicedecana Paula López confirma que presentará nesta sesión informativa a axuda da facultade para unha praza SICUE. A decana sinala a importancia da dinámica da mobilidade, non só na formación académica senón na formación da persoa.

A presidenta da comisión somete a aprobación a sesión informativa sobre programas de mobilidade e a súa integración no Plan FORTE-FFP. Apróbase por asentimento.

8. Debate e aprobación, se procede, da proposta de elaboración dun documento-guía con orientacións para profesorado de nova incorporación.

A presidenta da comisión dá a palabra á vicedecana Paula López Rúa. A vicedecana explica que na reunión de coordinación de titulacións, anteriormente mencionada, xurdiu a idea de facer un documento-guía para profesorado de nova incorporación á FFP. Aínda que tamén podería servir para o profesorado de toda a Facultade. Sería un documento de referencia con algunhas directrices sobre dereitos e obrigas e para saber como se fan as cousas nesta Facultade de Formación do Profesorado. Hai que ter en conta que o profesorado chega en calquera momento do curso e non parece viable facer reunións individuais para informar destas cuestións. O vicedecano Santiago López fai referencia a que sería un documento que contempla como se organiza a propia universidade e explica aspectos máis específicos da FFP.

A vicedecana propón facer unha primeira versión ou versión preliminar deste documento, e presentalo como acción de mellora nos informes de seguimento do curso, que se pode ir enriquecendo e mellorando durante o vindeiro curso. Solicita a colaboración dos coordinadores dos Masters que se imparten na FFP, Carlos Dosil i Eugenio Otero, nesta elaboración para

aumentar a información destinada aos docentes destes mestrados, xa que hai moita máis información dos graos.

A vicedecana mostra o documento-guía e indica brevemente os apartados que tería xunto coas ligazóns da documentación. Estes apartados son: cuestións organizativas básicas, como espazos, recursos, despachos, claves, casilleiros, etc.; actividades de coordinación docente (revisión de programas, calendarios de tarefas para o alumnado, etc.); consideracións sobre o dobre grao; rutas de acceso a secretaría virtual e ao campus virtual; outra información útil, como as presentacións das xornadas de acollida; unha sección de datos para consultas; outra sección de normativa para o profesorado; e preguntas frecuentes. Tamén contará con anexos con máis información organizativa.

A decana comenta que é moi boa idea e útil para todo o profesorado. A coordinadora da titulación de Grao de Mestre/a de Infantil, Alba María Souto indica que compartiu o enlace do documento cos coordinadores dos Masters para que engadan o que consideren oportuno. O profesor Carlos Dosil opina que é unha idea moi interesante. A coordinadora da titulación de Grao de Mestre/a de Primaria e Dobre Grao, María Campos, apunta que sempre que se engada algunha información se anexe a normativa correspondente para xustificala. Carmen Sarceda insiste neste aspecto da normativa, especialmente para temas que poden ser sensibles como a avaliación do alumnado. A decana tamén apunta que esta versión preliminar do documento pode ter avaliación e aportacións do profesorado para ir mellorando ata chegar a un documento final que podería presentarse aos premios de Calidade no curso 24-25. Para este curso 23-24, cando saia a convocatoria, poderíamos presentar o documento marco das coordinacións.

O profesor Carlos Dosil pregunta se no documento guía están recollidas cuestións relacionadas co peche de actas. Santiago López indica que si, pero que aínda o que te son ideas que cómpre incluir, non está desenvolto cada apartado coa normativa correspondente. Carlos Dosil felicita ao equipo de coordinación pola boa idea de facer este documento guía.

A profesora Virginia Aznar indica que, aínda que nalgúns departamentos se reciba ao profesorado de nova incorporación e se lle dea esta información, é tanta que non se pode asimilar con facilidade. Opina que é moi boa idea ter este documento de referencia.

Paula López e Santiago López indican que hai normativas que na súa redacción non aclaran ben a norma e permiten interpretala de diferentes maneiras, por exemplo as horas de titorías dun docente a tempo completo “6 horas por semana ou 180 horas ao ano”. A decana indica que haberá que consultar as dúbidas á Secretaría Xeral para facer o documento-guía de xeito claro.

A presidenta da comisión somete a aprobación a elaboración dun documento-guía con orientacións para profesorado de nova incorporación. Apróbase por asentimento.

9. Rolda aberta de intervencións.

A vicedecana Paula López traslada unha consulta da profesora Montserrat Souto sobre as coordinacións do Dobre Grao. Solicita que as/os coordinadoras/es de Dobre Grao sexan só os de Primaria o só os de Infantil en vez de estar mesturados, xa que así aumentaría a eficiencia nos procesos de traslado de información ás coordinacións. O vicedecano Santiago López indica que a distribución actual das coordinacións foi acordada no seu momento nunha reunión pero que se pode cambiar.

A decana Carmen Sarceda suxire que podería distribuírse a coordinación do Dobre Grao segundo o peso das materias de cada Título en cada curso. Así as coordinadoras de 1º, 2º e 3º de Primaria levarían a coordinación de Dobre Grao neses cursos, e as coordinadoras de 4º e 5º de Infantil levarían a coordinación de Dobre Grao neses cursos. Aínda que isto non resolvería a eficiencia nos procesos de traslado de información.

A profesora María Campos, coordinadora de titulación de Grao en Mestre/a de Primaria e Dobre Grao, suxire que sexan coordinadoras de Dobre Grao en tódolos cursos as coordinadoras de Primaria, xa que, na FFP, a coordinación de título de Primaria é quen elabora os informes de Primaria e Dobre Grao. Paula Rúa apunta que o problema estaría en 5º de Dobre Grao, porque só teñen materias de Infantil. Indica tamén que en Santiago son os/as coordinadores/as de Infantil os que coordinan o Dobre Grao.

Outra opción que apunta a profesora María Campos é propoñer coordinadores/as específicos de Dobre Grao aínda que non sexa unha titulación. Pero non se ve viable pola falta de docentes que queiran desempeñar esa coordinación. Esta última opción considérase que sería a ideal pero polo de agora non é posible. Decídese seguir buscando alternativas e falar cos coordinadores de curso.

A vicedecana Paula López informa que o 29 de xuño do 2023 recibiu unha solicitude dunha profesora dunha Universidade de Rumanía, da área de Psicoloxía, que quere vir facer un Erasmus+. Indica que se acordou un plan de traballo, que lle foi remitido, que consta dunha conferencia plenaria, de sesións en diferentes cursos de Graos e Mestrados e un encontro de investigación de proxectos afíns na FFP. Esta docente trataría temáticas relacionadas con psicoloxía adolescente, adicción a internet e ciberacoso. Agárdase que envíe o acordo de mobilidade, que haberá que revisar e asinar. Tamén informa doutra solicitude de Erasmus+ similar dun docente das Azores. Desta solicitude encárgase o profesor Óscar Díaz Queizán. A formación que se realice con este profesorado incluírase no Plan FORTE-FFP do curso 23-24 na liña de actividades formativas con profesionais externos.

A profesora María Campos pregunta polas datas nas que se realizarán estas actividades formativas da profesora rumana. Paula López indica que serán no mes de marzo pero que aínda non hai datas concretas.

O profesor Eugenio Otero despídese como membro da comisión por mor da súa xubilación.

A presidenta da comisión agradece todo o traballo realizado polo profesor Eugenio Otero e dá por rematada a sesión, da que redacta acta como secretaria.

A secretaria

Visto e Prace da Presidenta

Virginia Aznar Cuadrado

M. Carmen Sarceda Gorgoso

ANEXOS:

- **Informe de coordinación do Grao en Mestre/a de Educación Infantil**
- **Informe de coordinación do Grao en Mestre/a de Educación Primaria e Dobre Grao en Mestre de Educación Infantil e Educación Primaria**
- **Informe de execución do Plan FORTE-FFP no curso 2022-2023**

INFORME DA COORDINACIÓN DE TÍTULO, CURSO 2022-2023:
GRAO DE MESTRE/A EN EDUCACIÓN INFANTIL
ALBA MARÍA SOUTO SEIJO

O curso académico 2022-2023 transcorreu sen incidencias salientables. Seguidamente, expónse unha síntese dos informes das coordinacións de curso sobre a marcha do presente curso. Os informes completos inclúense no Anexo I. Agradécese ás coordinadoras de curso a súa labor.

1. Informes das coordinación sobre a marcha do curso académico

1.1. Actividades transversais, prácticas de campo, actividades con profesionais externos e outras actividades de formación e orientación do alumnado

Primeiro curso

No primeiro curso leváronse a cabo 10 actividades (6 no primeiro cuadrimestre e 4 no segundo cuadrimestre). Tanto os alumnos/as do Grao en Mestre/a de Educación Infantil como os do Dobre Grao participaron en oito actividades.

- 1º cuadrimestre: durante o primeiro cuadrimestre, o alumnado das materias *Didáctica e Profesión Docente* e *Socioloxía da Educación* levaron a cabo un Proxecto Interdisciplinario. Concretamente, e grazas á colaboración do SEPIU os estudantes tiveron a oportunidade de participar en diversas entidades e institucións da cidade de Lugo. Así mesmo, e no marco desas dúas materias, tamén participaron nunha actividade cun profesional externo titulada “Os contos que contemos e como os contamos”. Na materia de *Socioloxía da Educación* os estudantes tamén puideron charlar cunha antiga alumna que fixo as súas prácticas na asociación educativa Nenea Medrar Creando. Outra das actividades levadas a cabo foi o “Curso de competencias en comunicación oral e escrita para alumnado universitario. Elaboración de documentos escritos con calidade académica”, que tivo lugar no primeiro mes de curso (materia vinculada: *Infancia, Familia e Escola*). Así mesmo, dende a materia *Teoría e Historia da Educación Escolar*, o alumnado de Dobre Grao tamén desenvolveu unha serie de actividades co gallo do 25N. Finalmente, o 27 de outubro celebrouse o I Simposio de

Formación e Innovación Educativa (FORINNOVA). Contou con ponencias de ata 12 profesionais e expertos/as de relevancia.

- 2º cuadrimestre: durante o segundo cuadrimestre desenvolvéronse tres proxectos de Aprendizaxe-Servizo: “Recreos Inclusivos” vinculado á materia de *Psicología da Educación*, “Acompañando ás emocións nun mundo de cambio” desenvolvido na materia de *Psicología do Desenvolvemento (3-6 anos)*, e “Educación en feminino: un paseo pola historia” levado a cabo na materia de *Teoría e Historia da Educación Escolar*. O primeiro realízase en colaboración coa ONCE (delegación de Lugo), e o segundo con Alar Galicia. Así mesmo, no marco da materia de *Procesos de mellora e usos das TIC*, algunhas alumnas voluntarias participaron no proxecto +HU-MANOS, levado a cabo polo alumnado do CEIP Isidro Parga Pondal (Oleiros, A Coruña).

A valoración que fixo o alumnado de todas as actividades foi moi positiva, polo que se espera a súa continuidade.

Segundo curso

No segundo curso levouse a cabo unha charla-coloquio (impartida por EDUCO) sobre os ODS, vinculada á materia *Organización e Xestión do Centro Escolar*.

Terceiro curso

No terceiro curso leváronse a cabo 3 actividades (todas no segundo cuadrimestre). Concretamente, dende a materia *Educación e linguas en Galicia* desenvolveuse o proxecto de Aprendizaxe-Servizo “Que (non) morra o conto!”. Ademais, dende a materia *Literatura e arte* os estudantes participaron en dous proxectos de innovación “Petíscame. Temporada 1: creadoras galegas. Un videopodcast sobre libros e ilustración” e “Club de lectura + blog Petiscando Libros (2ª edición)”.

Cuarto curso

A 28 de abril de 2023 a única actividade que consta é o Curso de Competencias en Información de Nivel Avanzado que oferta a biblioteca da Facultade. Este curso, de 25 horas de duración, levouse a cabo do mes de novembro de 2022. Matriculáronse 29 alumnos/as do Grado en Mestre de Educación Infantil, dos cales 9 foron cualificados como aptos.

1.2.Resultados das enquisas de coordinación de curso feitas ao alumnado

No primeiro semestre, distribuíronse as enquisas naqueles cursos que logo tiñan Prácticum e TFG e, no segundo semestre, concretamente no mes de maio, creáronse as enquisas en liña para cada curso.

Co fin de obter o maior número de respostas, facilitouse ao alumnado a ligazón á enquisa publicada na páxina de coordinación de cada curso no Campus Virtual e tamén se intentou contactar con algún docente para que puidese ceder algúns minutos da súa clase a fin de que os estudantes puidesen cubrir as enquisas.

O número de respostas obtidas foi o seguinte: primeiro curso (61), segundo curso (12), terceiro curso (64) e cuarto curso (8 primeiro semestre; 2 segundo semestre). A continuación, sintetízanse os resultados obtidos.

Primeiro curso

No primeiro curso do Grao en Mestre de Educación Infantil obtivéronse 61 respostas. En xeral, os resultados amosan que o alumnado está bastante ou moi satisfeito con aspectos como “número de alumnos/as nas sesións expositivas, interactivas e titoriais” (74% bastante satisfeito e 23% moi satisfeito), “espazos para a docencia” (72% bastante satisfeito e 16% moi satisfeito), “recursos técnicos para a docencia” (80% bastante satisfeito e 11% moi satisfeito), “horarios lectivos” (46% bastante satisfeito e 43% moi satisfeito), “coordinación entre docentes nas materias con máis dun profesor/a” (72% bastante satisfeito e 23% moi satisfeito), “adecuación dos contidos, metodoloxía e avaliación ao especificado nos programas e guías docentes” (66% bastante satisfeito e 16% moi satisfeito), e “solapamentos de contidos entre materias, ou dentro da mesma materia impartida por máis dun profesor/a” (69% bastante satisfeito e 21% moi satisfeito). Por outra parte, as cuestións cun maior marxe de mellora fan referencia ao “número de traballos realizados nas materias, prazos para a preparación e datas de presentación” (23% pouco satisfeito e un 5% nada satisfeito) e a “carga de traballo autónomo das materias cursadas” (31% pouco satisfeito e un 5% nada satisfeito). Entre as observacións máis repetidas atópase a incomodidade do mobiliario das sesións expositivas, a distribución horaria das clases e a alta carga de traballo autónomo nalgunhas materias.

Segundo curso

No segundo curso do Grao en Mestre de Educación Infantil obtivéronse 12 respostas. En xeral, os resultados amosan que o alumnado está satisfeito con oito dos nove ítems que integran o cuestionario. O ítem no que se obtén unha menor puntuación fai referencia aos horarios lectivos (50% pouco satisfeito).

Terceiro curso

No terceiro curso do Grao en Mestre de Educación Infantil obtivéronse 65 respostas. En xeral, os resultados amosan que o alumnado está satisfeito con oito dos nove ítems que integran o cuestionario. Pola contra, o ítem no que se obtén unha menor puntuación fai referencia aos horarios lectivos (21% nada satisfeito e 21% pouco satisfeito). O alumnado alude as dificultades que teñen para conciliar con outras actividades.

Cuarto curso

A participación do alumnado do cuarto curso do Grao en Mestre de Educación Infantil nas enquisas foi moi baixa: 8 persoas no primeiro semestre e 2 persoas no segundo semestre. En canto á enquisa do primeiro semestre, en xeral, as respostas son positivas, agás polas seguintes excepcións: unha resposta pouco satisfeito nas cuestións referidas a horarios e adecuación ás guías docentes. No que respecta ao segundo semestre, os estudantes que cumprimentaron a enquisa amósanse bastante satisfeitos co TFG e co Prácticum.

RESULTADOS XERAIS

En xeral, os resultados amosan que o alumnado está satisfeito cos diferentes aspectos polos que se lles pregunta. As cuestión cun maior marxe de mellora fan referencia aos horarios e á carga de traballo autónomo das materias cursadas. O 12 de xuño informouse ao alumnado, a través de aula virtual de coordinación de título e dos diferentes cursos, dos resultados xerais das enquisas.

1.3. Incidencias, comentarios, suxestións, demandas ou queixas de profesorado/alumnado

Primeiro curso

Os estudantes sinalan que tiveron unha elevada carga de traballo, pero destacan a formación recibida e a dedicación do profesorado que lles impartiu docencia ao longo do curso.

Segundo curso

O profesorado sinala que se produciron alteracións no ritmo dalgunhas materias a causa da realización, nalguna materia, de probas eliminatorias. Os docentes acordan, na xuntanza celebrada o 21 de xuño, non adiantar as datas de exame nin facer exames preoficiais.

Terceiro curso

Unha parte do alumnado de terceiro curso amosou o seu descontento co sistema de avaliación dunha materia. O profesorado foi debidamente informado.

Cuarto curso

Non se rexistraron incidencias ou suxestións.

2. Informes de Revisión dos programas 2023-2024

No que respecta á revisión dos programas do curso 2023-2024, compre sinalar que as coordinadoras de curso emitiron os seus informes despois de analizar as fichas de comprobación cubertas polo profesorado (ver Anexo II). Nos casos nos que as fichas non se cubriron, por diferentes razóns, informouse da incidencia aos departamentos (por exemplo, materias que non contaban cun docente asignado) ou contactouse co profesorado responsable para poder subsanar a incidencia. Agradécese ao profesorado a súa colaboración na revisión dos programas.

En xeral, os programas axústanse ao especificado na Memoria do Título (MVT). Rexistráronse soamente incidencias menores, fundamentalmente algúns desaxustes nos programas de certas materias motivados pola necesidade de actualizacións das propias fichas na Memoria. O profesorado achegou suxestións de cambios nos apartados de contidos e de avaliación nas

fichas dalgunhas materias na MVT. Concretamente, foron rexistradas suxestións nas seguintes materias:

Primeiro curso: Socioloxía da Educación; Infancia, Familia e Escola; Didáctica e Profesión Docente.

Segundo curso: Proxectos de Innovación Educativa; Organización e Xestión de Aula.

Terceiro curso: Motricidade Infantil; Literatura Infantil e Dramatización.

Cuarto curso: Xogo Infantil; Deseño e Elaboración de Materiais Didácticos.

Lugo, 7 de xullo de 2023



Asdo: Alba María Souto Seijo

Coordinadora do Grao de Mestre/a en Educación Infantil

Anexos:

Anexo I. Informes de coordinación dos cursos (2022-2023)

Anexo II. Revisión dos programas das materias para o curso 2023-2024

**Anexo I. Informes de coordinación dos cursos
(2022-2023)**

INFORME DE COORDINACIÓN DE CURSO (2022 – 2023)

1º Curso do Grao en Mestre/a de Educación Infantil e do Dobre Grao

Coordinadora: Alba María Souto Seijo

1. Actividades transversais, prácticas de campo e actividades con profesionais externos desenvolvidas durante o curso:

No primeiro curso leváronse a cabo 10 actividades (6 no primeiro cuadrimestre e 4 no segundo cuadrimestre). Tanto os alumnos/as do Grao en Mestre/a de Educación Infantil como os do Dobre Grao participaron en oito actividades.

Data:	05/09/2022 a 22/12/2022
Tipo de actividade:	Actividade transversal
Responsable:	Eva María Barreira Cerqueiras e Marta Poncet Souto
Título:	Proxecto Interdisciplinario
Breve descrición:	Grazas á colaboración co Servizo de Participación e Integración Universitaria (SEPIU) da USC o alumnado das dúas materias implicadas participa en diversas entidades e institucións da cidade de Lugo. Esta actividade contribúe a que o alumnado desenvolva unha serie de competencias útiles a nivel persoal e profesional. A continuación, destácanse algunhas delas: análise e resolución de problemas, asertividade, autonomía e iniciativa, compromiso ético e responsabilidade, empatía, traballo en equipo, etc. Valoración da actividade: Os estudantes valoraron a actividade de maneira moi positiva.
Materia vinculada:	Didáctica e Profesión Docente (G3131105) e Socioloxía da Educación (G3131101)
Data:	23/11/2022; 25/11/2022
Tipo de actividade:	Actividade con profesionais externos
Responsable:	Marta Poncet Souto
Título:	Actividade con profesionais externos
Breve descrición:	Algúns dos obxectivos da actividade foron os seguintes: - Que lo alumnado de infantil, futuros mestres/as, coñezan outros modelos educativos e outras formas de entender a educación e a relación educativa. - Que o alumnado sexa consciente das posibilidades educativas que ofrece o entorno e a estreita relación mutua que existe entre a escola e o entorno próximo. Valoración da actividade: No Informe de curso que o alumnado elaborou para a materia reflectiuse o alto nivel de interese que suscitou esta charla cunha antiga alumna que fixo as prácticas na asociación educativa Nenea Medrar Creando.
Materia vinculada:	Socioloxía da Educación (G3131101)
Data:	19/12/2022
Tipo de actividade:	Actividade con profesionais externos
Responsable:	Eva María Barreira Cerqueiras e Marta Poncet Souto
Título:	Os contos que contamos e como os contamos
Breve descrición:	O 19 de decembro de 2022, David Pernas acudiu á Facultade para impartir a charla "Os contos que contamos e como os contamos". Algúns dos obxectivos desta actividade eran os seguintes:

	<p>- Achegar ao alumnado de EI a importancia, como futuras mestras e mestres, de crear ou consolidar hábitos de lectura nos nenos/as de E.I.</p> <p>- Coñecer contos para contar na etapa de infantil e ser conscientes da importancia de saber contar un conto a través do exemplo dun profesional que se dedica a esta tarefa na rede de bibliotecas da Coruña dende hai máis de 30 anos.</p> <p>- Que o alumnado de maxisterio coñeza a importancia de determinados espazos escolares (como as bibliotecas de centro e/ou de aula) como espazos educativos e tamén dende unha perspectiva sociolóxica, como lugares de compensación das desigualdades sociais; dito de outra maneira, como espazos de compensación das desigualdades que veñen da súa contorna máis próxima, fundamentalmente no caso das familias máis vulnerables.</p> <p>Valoración da actividade: A atención e participación activa do alumnado na sesión foi extraordinariamente positiva, polo que sería de interese volver a repetila o próximo curso.</p>
Materia vinculada:	Didáctica e Profesión Docente (G3131105) e Socioloxía da Educación (G3131101)
Data:	16/11/2022 a 01/02/2023
Tipo de actividade:	Outras actividades
Responsable:	Francisco Xosé Candia Durán
Título:	Actos organizados co gallo do 25N, Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres
Breve descrición:	<p>Co impulso e coordinación do profesor da materia, o alumnado de THEE ideou, preparou e desenvolveu unha serie de actividades co gallo do 25N, DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES; a saber:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Charla sobre a violencia de xénero desde dentro, a cargo dunha vítima ("Ponlle fin para ter un principio"). Salón de actos da Facultade, 24/11/2022. 2. Gran mural sobre violencia de xénero (con nomes de vítimas, frases certas, pegadas de mans, reflexións etc.) elaborado colectivamente durante as dúas últimas semanas de novembro a través da participación de calquera persoa da Facultade, e colocado no vestíbulo principal de entrada da Facultade ata 01/02/2023. 3. Elaboración durante as dúas últimas semanas de novembro de 20 carteis diferentes, con citas sobre violencia de xénero, frases con micromachismos, referencias a mulleres vítimas de violencia de xénero etc. Foron colocados nos corredores da Facultade ata 01/02/2023. 4. Preparación dun espazo con lazos violeta no vestíbulo principal da Facultade durante as dúas últimas semanas de novembro, para que os poidan coller (e colocar nas lapelas) persoas que pasen por diante. 5. Redacción dun manifesto para lectura durante o acto que, en representación da Facultade e coa colaboración da súa Comisión de Xénero, realizamos ás 12:00 horas (como os restantes centros da USC) nas escaleiras do centro o 25N, para honrar as vítimas do machismo, conmemorar o sentido deste día e renovar o compromiso da comunidade universitaria da Facultade de Formación do Profesorado pola igualdade e contra a violencia, con minuto de silencio e fotografía posterior. 6. Creación de lemas para lanzar a viva voz no acto de homenaxe polo 25N, tras a lectura do manifesto. 7. Animación a todo o alumnado e profesorado da Facultade a vir vestid@s de negro (ou escuro, de non poder ser negro) o 25N. <p>Valoración da actividade: O valor de que a idea, a preparación e o desenvolvemento de todas e cada unha das actividades que se puxeron en marcha tivera como protagonista principal o alumnado (o profesor procurou simplemente mobilizar, impulsar, coordinar), ofrece un valor pedagóxico relevantísimo, e posibilita que alumnas e alumnos vivencien en primeira persoa e con pegada experiencial, unha serie de valores e comportamentos</p>

	<p>na senda da igualdade real e na da eliminación de estereotipos e discriminacións por xénero que (é o que desexamos) haberán de ter impacto no seu futuro vital e no seu desempeño profesional como mestras e mestres dentro duns anos.</p> <p>A actividade, realizada por segundo ano consecutivo, goza do aprecio do alumnado, sobre todo do feminino. Alumnas e alumnos apúntanse voluntariamente á organización das actividades que pretenden chamar a atención de toda a comunidade universitaria da Facultade en referencia á lacra da discriminación que perpetra o machismo na sociedade de diferentes maneiras, desde leves insinuacións ata o asasinato de mulleres e outras vítimas vicarias.</p> <p>Considerando a formación pedagóxica que recibe, pero sobre todo o eido de profesionalización futura do noso estudiantado (cando exerzan como mestras e mestres das futuras xeracións), o feito de ir construíndo xa agora unha conciencia cívica crítica respecto da violencia machista é un compromiso que a Facultade non pode obviar.</p> <p>Precisamente como se trata dun asunto con resonancias educativas pero tamén persoais, o alumnado adoita implicarse moi activamente, proponendo ideas e procurando materializalas para que estean listas para o 25N, pero tamén para transmitir que todas as datas deberían ser días de reivindicación 25N.</p>
Materia vinculada:	Teoría e Historia da Educación Escolar (G3151103)
Data:	15/02/2023 a 30/04/2023
Tipo de actividade:	Proxecto de Aprendizaxe-Servizo
Responsable:	Carlos Dosil Díaz
Título:	Acompañando ás emocións nun mundo de cambio
Breve descrición:	<p>Nos últimos anos, os modelos familiares na sociedade están cambiando. Cada vez atopámonos entornos máis interculturais, con situacións familiares onde, en ocasións, os menores son os principais afectados, repercutindo en problemas escolares.</p> <p>Finalidade: Dentro do desenvolvemento na idade infantil de 3 a 6 anos prodúcense unha serie de cambios cognitivos, físicos e afectivos. A posibilidade de coñecer en primeira persoa situacións de risco que poidan estar afectando ao desenvolvemento afectivo e emocional do neno/a, permitirá ao alumnado profundizar, asentar coñecementos e empatizar, permitíndolle ter un enfoque que será positivo para o seu futuro docente.</p> <p>Os nenos/as na asociación Alar Galicia, sentiranse acompañados durante o tempo que dure o proxecto e terán un apoio para favorecer a súa integración sempre baixo a supervisión de profesionais.</p> <p>Obxectivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Contextualizar a importancia da educación emocional na educación infantil, en particular naqueles nenos que se atopan en familias desestructuradas e de risco de exclusión social. - Adquirir un mellor coñecemento e aplicación da educación emocional na aula de nenos de idades comprendidas entre 3-6 anos. - Desenvolver a intelixencia emocional de forma global. - Saber promover a adquisición de hábitos en torno á autonomía, a liberdade, a curiosidade, a observación, a experimentación, a aceptación de normas e de límites, o xogo simbólico e heurístico. - Fomentar a convivencia na aula e fora dela e abordar a resolución pacífica de conflitos. Saber observar sistematicamente contextos de aprendizaxe e convivencia e saber reflexionar sobre eles. <p>Coa execución deste ApS, o alumnado vai a traballar dunha forma práctica unha serie de contidos relacionados co desenvolvemento evolutivo, en particular cos aspectos afectivos e emocionais, que lle van a permitir adquirir unha serie de competencias moi valiosas para o seu futuro profesional como</p>

	docentes de educación infantil, á marxe de realizar unha labor moi importante cos nenos/as da asociación Alar Galicia cos que van a traballar.
Materia vinculada:	Psicoloxía do Desenvolvemento (3-6 anos) (G3131106)
Data:	30/01/2023 a 15/05/2023
Tipo de actividade:	Proxecto de Aprendizaxe-Servizo
Responsable:	María José Fiuza Asorey
Título:	Recreos inclusivos
Breve descrición:	<p>Recreos Inclusivos é un proxecto de ApS realizado en colaboración coa ONCE, na súa delegación de Lugo. As dúas mestras itinerantes da provincia de Lugo, especialistas en discapacidade sensorial e especialmente en cegueira, acoden ao aula universitaria para formar ao alumnado da materia en inclusión, utilizando para iso o tempo de lecer que supoñen os recreos. Realízanse dúas sesións formativas ao iniciar o proxecto, nas que sentan as bases de que é a inclusión e fórmase ao alumnado na creación de materiais inclusivos para os tempos de lecer, aprendendo a transcribir en código braille mediante as máquinas Perkins. Préstase especial atención á creación de materiais realmente inclusivos, para todo o alumnado sen excepcións, traballando texturas, formas, cores... No caso de que o material precise texto, escríbese ben en lingua galega ou castelá e, ademais, en código Braille, prestando atención a requisitos de inclusión como o tipo de letra ou o tamaño da mesma.</p> <p>Á metade do proxecto, as mestras revisan os materiais en proceso de elaboración e, ao final do proxecto, son entregados á Once para a súa distribución nos centros escolares da provincia. Algúns exemplos destes materiais elaborados polo alumnado son contos, xogos de tres en raia, parchís, a oca, parellas de cartas, bingos...</p> <p>Valoración da actividade: Este proxecto de ApS tivo os seus inicios no curso 12-13, e desde entón mantense cada curso académico (fóra dos cursos 2019-2020 e 2020-2021 que houbo de interromperse debido ás restricións xeradas pola pandemia do covid-19). O proxecto segue realizándose grazas a dous grandes motivos: por unha banda, o interese que esperta no alumnado (destacan a utilidade dos materiais elaborados, o grao de xenerosidade que implica, a toma de conciencia de que é a verdadeira inclusión e as aprendizaxes realizadas que lles permitirán "perder o medo" ao alumnado con discapacidade visual en concreto e ao alumnado con discapacidade en xeral); e, doutra banda, o seu carácter formativo, ao achegar ao alumnado ao concepto de inclusión educativa no seu sentido amplo e afastarlle do tan estendido concepto restritivo da inclusión, ao fomentar o desenvolvemento e fortalecemento de valores como a colaboración, a empatía, o voluntariado...</p>
Materia vinculada:	Psicoloxía da Educación [G3131107]
Data:	27/10/2022
Tipo de actividade:	Actividade transversal
Responsable:	Pablo César Muñoz Carril
Título:	I Simposio de Formación e Innovación Educativa (FORINNOVA)
Breve descrición:	<ul style="list-style-type: none"> • Tipo de actividade: trátase dun ciclo de conferencias e mesas redondas que versaron sobre a temática da formación e innovación educativa. Contou con ponencias de ata 12 profesionais e expertos/as de relevancia. O Simposio tivo como eixo vertebrador as diferentes etapas educativas; especialmente de infantil e primaria, así como ensino superior. • Organizadores: Facultade de Formación do Profesorado da USC, Grupos de Investigación MESTURA e GEFIL da USC. Universidad Federico Hernández y Carvajal (República Dominicana), Universidad de Playa Ancha (Chile).

	<ul style="list-style-type: none"> • Colaboracións: este I Simposio de Formación e Innovación educativa contou coa colaboración de importantes entidades radicadas en Lugo e outras a nivel nacional e internacional. Entre as mesmas, destacamos o Centro Asociado da UNED de Lugo, a Asociación educativa lucense Nenea, Centro de Formación e Recursos de Lugo, o Fórum Europeo de Administradores da Educación (FEAE - http://feae.eu) as empresas Maxina e Anthology, a Deputación e o Concello de Lugo, entre outras. <p>Compre destacar tamén o amplo número de investigadores e expertos/as que forman parte do Comité Científico, cuxa labor resultou moi importante a nivel de asesoramento académico e científico. En concreto, formaron parte destes comités académicos de Universidades de España, Costa Rica, Países Baixos, Reino Unido, Portugal, República Dominicana, Ecuador, Colombia e República Checa.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Asistentes: O número de inscritos PRESENCIAIS ao I Simposio de Formación e Innovación Educativa foi de un total de 197 persoas. Asemade, asistiron virtualmente ao evento, a través de Microsoft TEAMS, un total de 107 persoas. <p>O perfil dos asistentes inscritos foi o esperado, a saber:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Alumnado do Grao de Mestre/a en Educación Infantil - Alumnado de Grao de Mestre/a en Educación Primaria - Alumnado de Dobre Grao de Mestre/a en Educación Infantil e Primaria - Alumnado de programas de Doutoramento en Educación - Profesorado universitario da USC - Profesorado universitario doutras universidades - Profesorado de etapas educativas non universitarias - Outros profesionais do eido educativo <p>Valoración da actividade: Co fin de coñecer a percepción dos asistentes presenciais ao Simposio, creouse un formulario para coñecer a súa opinión e que valorasen de xeito voluntario o evento. Os resultados obtidos foron moi positivos, polo que se está a pensar nunha posible segunda edición do Simposio que se divida en varios días, xa que a maior parte dos asistentes consideran que foi unha xornada moi intensiva.</p>
Materia vinculada:	Diversas materias, especialmente as vinculadas coa área de Didáctica e Organización Escolar, por exemplo: didáctica e tarefas docentes, proxectos de innovación, etc.
Data:	30/01/2023 a 15/05/2023
Tipo de actividade:	Actividade con profesionais externos
Responsable:	Alba María Souto Seijo
Título:	+HU-MANOS
Breve descrición:	<p>Durante o segundo semestre, e no marco da materia "Procesos de mellora e usos das TIC", algunhas alumnas voluntarias participaron no proxecto +HU-MANOS, levado a cabo polo alumnado do CEIP Isidro Parga Pondal (Oleiros, A Coruña). Concretamente, as alumnas voluntarias deseñaron a páxina web do proxecto.</p> <p>Valoración da actividade: A valoración das alumnas foi positiva, polo que amosamos o noso interese en seguir colaborando co centro educativo en futuros proxectos.</p>
Materia vinculada:	Procesos de mellora e usos das TIC (G3131207)

Data:	15/09/2022 a 13/10/2022
Tipo de actividade:	Actividade transversal
Responsable:	Francisco Xosé Candia Durán
Título:	Curso de competencias en comunicación oral e escrita para alumnado universitario. Elaboración de documentos escritos con calidade académica
Breve descripción:	<ul style="list-style-type: none"> - A corrección de textos e os criterios de calidade na comunicación escrita. - Recursos e materiais dixitais de apoio para a elaboración de documentos escritos e de presentacións dixitais de calidade. - Resolución de dúbidas gramaticais frecuentes e problemas lingüísticos nos documentos escritos. Exemplos para practicar. - Bibliografía, citación e referenciación de fontes bibliográficas. - Os traballos académicos: apartados constituíntes e condicións formais de presentación en formato físico ou dixital. - Pautas para o aforro e a eficiencia dos recursos empregados na elaboración de traballos escritos. - Criterios de calidade na comunicación oral diante dun público. Preparación de intervencións orais. <p>Valoración da actividade: Valórase nas diferentes materias a través das producións escritas presentadas polo alumnado e das súas intervencións/exposicións orais nas clases.</p>
Materia vinculada:	Infancia, Familia e Escola (G3131102)
Data:	06/02/2023 a 06/03/2023
Tipo de actividade:	Proxecto de Aprendizaxe-Servizo
Responsable:	Francisco Xosé Candia Durán
Título:	Educación en feminino: un paseo pola historia
Breve descripción:	<p>No marco da materia indicada (de 1º semestre e 1º curso do Grao de Primaria e do Dobre Grao), desenvolvemos por sexto ano consecutivo a iniciativa "Educación en feminino: un paseo pola historia", premiada hai tres anos pola USC como iniciativa docente innovadora no eido da igualdade de xénero.</p> <p>Na materia en cuestión o alumnado prepara catro exercicios diferentes sobre diferentes educadoras do pasado ou do presente, traballo que conclúe cunha exposición de paneis sobre esas figuras pedagóxicas, que na presente edición consta de 39 pósters que glosan as excelencias pedagóxicas de máis de medio cento de educadoras de diferentes épocas e xeografías, aínda que a maioría sexan galegas e españolas dos últimos 150 anos.</p> <p>A colección de pósters, unha vez remate o período de exposición de un mes na nosa Facultade, viaxará a outras entidades que se interesan por ela (bibliotecas, centros socioculturais, facultades, institutos etc.) ás que llela cedemos gratuitamente coa intención de favorecer desde a universidade un servizo desinteresado do que se poida beneficiar a poboación (perspectiva de aprendizaxe-servizo).</p> <p>Valoración da actividade: Para o alumnado implicado, moi importante para a materia en cuestión. Para a sociedade tamén, pois pon en valor o labor, moitas veces minorizado ou directamente ocultado, das mulleres educadoras ao longo da historia, e en calquera contexto xeográfico ou cultural.</p>
Materia vinculada:	Teoría e Historia da Educación Escolar (G3151103)

2. Resultados dos cuestionarios de coordinación do curso cubertos polo alumnado

1º Curso do Grao en Mestre de Educación Infantil

2.1. Táboa-resumo:

Número de respostas: 61 Data de recollida: 6 a 13 de maio				
Curso e grao: 1º Curso do Grao en Mestre de Educación Infantil				
ASPECTOS AVALIABLES	GRAO DE SATISFACCIÓN			
	NADA	POUCO	BASTANTE	MOITO
1.- Número de alumnos/as nas sesión expositivas, interactivas e titoriais (xustificar nas observacións)	0%	3%	74%	23%
OBSERVACIÓNS: Algúns alumnos/as sinalan que hai un número excesivo de estudantes nas sesións expositivas, o que dificulta seguir o ritmo da clase.				
2.- Espazos para a docencia	0%	11%	72%	16%
OBSERVACIÓNS: Algúns estudantes destacan que as cadeiras das clases expositivas son incómodas.				
3.- Recursos técnicos para a docencia	0%	8%	80%	11%
OBSERVACIÓNS: Algúns estudantes sinalan que os recursos empregados teñen unha boa presentación e son educativos.				
4.- Horarios lectivos	3%	8%	46%	43%
OBSERVACIÓNS: Algúns alumnos/as sinalan que o horario que teñen dificulta que poidan aproveitar o tempo para realizar os traballos tanto individuais como grupais.				
5.- Carga de traballo autónomo das materias cursadas	5%	31%	52%	11%
OBSERVACIÓNS: O alumnado expón que algunhas materiais teñen moita carga de traballo.				
6.- Número de traballos realizados nas materias, prazos para a preparación e datas de presentación	5%	23%	51%	21%
OBSERVACIÓNS: Tal e como se indicou anteriormente, o alumnado expón que algunhas materiais teñen moita carga de traballo.				
7.- Coordinación entre docentes nas materias con máis dun profesor/a	0%	5%	72%	23%
OBSERVACIÓNS				
8.- Adecuación dos contidos, metodoloxía e avaliación ao especificado nos programas e guías docentes	0%	18%	66%	16%
OBSERVACIÓNS: Algúns alumnos/as sinalan que algún docente non explicou a guía docente, que algúns exames non se centran na materia explicada...				
9.- Solapamentos de contidos entre materias, ou dentro da mesma materia impartida por máis dun profesor/a (xustificar nas observacións)	0%	10%	69%	21%
OBSERVACIÓNS: algúns estudantes indican que algún docente imparte a súa materia dando por feito que o alumnado posúe algúns coñecementos que non se impartiron con anterioridade.				
OBSERVACIÓNS XERAIS: evitar a sobrecarga de traballos, impartir contidos máis específicos de cara o exame, cambio do sistema de avaliación no que respecta aos traballos grupais (por problemas nos grupos de traballo), menor peso dos exames...				

2.2. Síntese dos resultados do cuestionario:

Os resultados amosan que o alumnado está bastante ou moi satisfeito con aspectos como “número de alumnos/as nas sesións expositivas, interactivas e titoriais” (74% bastante satisfeito e 23% moi satisfeito), “espazos para a docencia” (72% bastante satisfeito e 16%

moi satisfeito), “recursos técnicos para a docencia” (80% bastante satisfeito e 11% moi satisfeito), “horarios lectivos” (46% bastante satisfeito e 43% moi satisfeito), “coordinación entre docentes nas materias con máis dun profesor/a” (72% bastante satisfeito e 23% moi satisfeito), “adecuación dos contidos, metodoloxía e avaliación ao especificado nos programas e guías docentes” (66% bastante satisfeito e 16% moi satisfeito), e “solapamentos de contidos entre materias, ou dentro da mesma materia impartida por máis dun profesor/a” (69% bastante satisfeito e 21% moi satisfeito). Por outra parte, as cuestións cun maior marxe de mellora fan referencia ao “número de traballos realizados nas materias, prazos para a preparación e datas de presentación” (23% pouco satisfeito e un 5% nada satisfeito) e a “carga de traballo autónomo das materias cursadas” (31% pouco satisfeito e un 5% nada satisfeito). Entre as observacións máis repetidas atópase a incomodidade do mobiliario das sesións expositivas, a distribución horaria das clases e a alta carga de traballo autónomo nalgúns materias.

2.3. Observacións do profesorado sobre os datos recompilados

O luns 29 de maio compartiuse co profesorado de primeiro curso os resultados das enquisas. Así mesmo, convocouse unha reunión o día 21 de xuño para analizar ditos resultados (ver Anexo II).

1º Curso do Dobre Grao en Mestre de Educación Infantil e en Mestre de Educación Primaria

2.4. Táboa-resumo:

Número de respostas: 21 Data de recollida: 8 de maio				
Curso e grao: 1º Curso do Dobre Grao en Mestre de Educación Infantil e en Mestre de Educación Primaria				
ASPECTOS AVALIABLES	GRAO DE SATISFACCIÓN			
	NADA	POUCO	BASTANTE	MOITO
1.- Número de alumnos/as nas sesión expositivas, interactivas e titoriais (xustificar nas observacións)	0%	0%	76%	24%
OBSERVACIÓNS: non hai.				
2.- Espazos para a docencia	0%	29%	67%	5%
OBSERVACIÓNS: Algúns estudantes sinalan que o espazo para realizar Educación Física en inverno é moi frío. Ademais, consideran que o mobiliario das aulas onde se realizan as sesións expositivas non é axeitado e lles provoca dor de costas.				
3.- Recursos técnicos para a docencia	0%	10%	86%	5%
OBSERVACIÓNS: non hai.				
4.- Horarios lectivos	14%	29%	48%	10%
OBSERVACIÓNS: Algúns alumnos/as sinalan que o horario que teñen dificulta que poidan aproveitar o tempo para realizar os traballos tanto individuais como grupais. Segundo os estudantes algúns días teñen moita carga lectiva e outros días teñen moito tempo libre entre clase e clase.				
5.- Carga de traballo autónomo das materias cursadas	19%	33%	48%	0%
OBSERVACIÓNS: O alumnado expón que algunhas materias teñen moita carga de traballo autónomo. Tamén sinalan que esta carga mantense ata final de curso, dificultándolles o estudo para os exames.				
6.- Número de traballos realizados nas materias, prazos para a preparación e datas de presentación	14%	48%	38%	0%

OBSERVACIÓNS: Tal e como se indicou anteriormente, o alumnado expón que algunhas materiais teñen moita carga de traballo. Algúns propoñen que haxa unhas semanas sen entregas de traballos nin exposicións orais antes dos exames para poder dedicarlle tempo ao estudo.				
7.- Coordinación entre docentes nas materias con máis dun profesor/a	0%	5%	86%	10%
OBSERVACIÓNS				
8.- Adecuación dos contidos, metodoloxía e avaliación ao especificado nos programas e guías docentes	0%	14%	86%	0%
OBSERVACIÓNS: Algúns alumnos/as sinalan que algún docente non explicou a guía docente. Así mesmo, expoñen que sería convinte que as correccións dos traballos se proporcionaran antes de que teña lugar o exame, para poder evitar erros e incidir naqueles aspectos nos que teñan máis dificultade.				
9.- Solapamentos de contidos entre materias, ou dentro da mesma materia impartida por máis dun profesor/a (xustificar nas observacións)	0%	10%	81%	10%
OBSERVACIÓNS: algúns estudantes sinalan que algúns contidos son semellantes.				
OBSERVACIÓNS XERAIS: o alumnado indica que a duración das sesións expositivas debería de ser menor (50-60 minutos) e que os horarios deberían estar mellor repartidos. Tamén expoñen que sería preciso dispoñer dun maior tempo para comer. Finamente, suxiren que as entregas de traballos teñan lugar antes do mes de maio.				

2.5. Síntese dos resultados do cuestionario:

Os resultados amosan que o alumnado está bastante ou moi satisfeito con aspectos como “número de alumnos/as nas sesións expositivas, interactivas e titoriais” (76% bastante satisfeito e 24% moi satisfeito), “recursos técnicos para a docencia” (86% bastante satisfeito e 5% moi satisfeito), “coordinación entre docentes nas materias con máis dun profesor/a” (86% bastante satisfeito e 10% moi satisfeito), e “solapamentos de contidos entre materias, ou dentro da mesma materia impartida por máis dun profesor/a” (81% bastante satisfeito e 10% moi satisfeito). Por outra parte, as cuestións cun maior marxe de mellora fan referencia aos “espazos para a docencia”, (29% pouco satisfeito), “horarios lectivos” (29% pouco satisfeito e 14% nada satisfeito), “número de traballos realizados nas materias, prazos para a preparación e datas de presentación” (48% pouco satisfeito e un 14% nada satisfeito) e a “carga de traballo autónomo das materias cursadas” (33% pouco satisfeito e un 19% nada satisfeito). Entre as observacións máis repetidas atópase a incomodidade do mobiliario das sesións expositivas, a distribución horaria das clases e a alta carga de traballo autónomo nalgúns materias.

2.6. Observacións do profesorado sobre os datos recompilados

O luns 29 de maio compartiuse co profesorado de primeiro curso os resultados das enquisas. Así mesmo, convocouse unha reunión o día 21 de xuño para analizar ditos resultados (ver Anexo II).

3. Suxestións, demandas ou queixas de profesorado /alumnado

Suxestións, demandas ou queixas por parte do alumnado: os estudantes sinalan que tiveron unha elevada carga de traballo, pero destacan a formación recibida e a dedicación do profesorado que lles impartiu docencia ao longo do curso. No caso do alumnado de Dobre Grao solicita non ter os exames tan concentrados.

4. Resumo das reunións ou comunicacións mantidas con alumnado e profesorado, de habelas (datas, procedemento, asistentes, temática, acordos).

4.1. Reunións ou comunicacións mantidas co alumnado

- *Luns 5 de setembro:* contactouse co alumnado de primeiro de grao e dobre grao para darlles a benvida á Facultade, indicarlles que tiñan dispoñible (no Campus Virtual) a enquisa de satisfacción da xornada de acollida, e para explicarlles o procedemento de elección de delegado/a e subdelegado/a do grupo-clase. Cabe sinalar que, no primeiro curso do grao, nun primeiro momento, non houbo candidaturas para ocupar ditos postos, polo que se ampliou o prazo. Finalmente, o Luns 3 de outubro, comunicouse a través do Campus Virtual o nome da delegada e da subdelegada de primeiro curso do Grao de Mestre/a en Educación Infantil (Carmen Riobó Villa e Llerena Mato Mespellet). No caso do Dobre Grao, o nome da delegada e subdelegada comunicouse o 14 de setembro (Zaira Díaz Jáñez e Sabela Pérez Taboada).
- *Luns 17 de outubro:* a delegada e a subdelegada do primeiro curso do Grao de Mestre/a en Educación Infantil poñen da manifesto que están a xurdir algunhas problemáticas nos grupos de traballo. Así mesmo, comentan a posibilidade de que o profesorado chegue a un acordo para solicitar os mesmos criterios nos traballos.
- *Martes 18 de outubro:* reúnome coa delegada e subdelegada de dobre grao para coñecer se existen problemas nos grupos de traballo, pero comentan que non recibiron ningunha queixa e que o cuadrimestre transcorre con normalidade. Ese mesmo día convócase aos docentes a unha reunión, que ten lugar o venres 21 de outubro, e dáse resposta aos estudantes.
- *Mércores 26 de outubro:* a delegada e a subdelegada do primeiro curso do Grao de Mestre/a en Educación Infantil comunican a súa dimisión, polo que se convoca a unha reunión a todo o alumnado o luns 7 de novembro. Dende ese momento non hai delegado/a nin subdelegado/a no primeiro curso do Grao de Mestre/a en Educación Infantil.
- *Luns 5 de decembro:* infórmase ao alumnado de grao e dobre grao de que xa teñen dispoñible, na Secretaría Virtual, as enquisas de satisfacción coa docencia recibida no primeiro semestre.
- *Mércores 14 de decembro:* contáctase co alumnado de grao e dobre grao, a través do Campus Virtual, para solicitarlles que me trasladen as incidencias, suxestións ou comentarios sobre a marcha do semestre ata o momento. Cabe sinalar que non se recibe ningún comentario.
- *Mércores 17 de maio:* contáctase co alumnado de grao (a través do Campus Virtual), e coa delegada e subdelegada do dobre grao (a través de *email*) para solicitarlles que me trasladen as incidencias, suxestións ou comentarios sobre o curso 2022-2023 (recóllense no punto 3 do presente informe).

4.2. Reunións ou comunicacións mantidas co profesorado

- *6 de setembro:* infórmase ao profesorado que imparte docencia no primeiro semestre de que está dispoñible, co Campus Virtual, o calendario

para rexistrar a carga de traballo dos semestres e a táboa para cumprimentar as actividades transversais, prácticas de campo e actividades de ApS levadas a cabo ao longo do curso.

- *27 de setembro*: infórmase ao profesorado da formación que está recibindo o alumnado para a adquisición de competencias de comunicación oral e escrita por parte do Profesor Francisco Xosé Candia Durán.
- *Venres 21 de outubro*: mantense unha reunión virtual co profesorado para dar resposta aos estudantes (ver Anexo I).
- *Mércores 26 de outubro*: envíase ao profesorado información sobre os calendarios de tarefas dos semestres.
- *Mércores 14 de decembro*: envíase un *email* ao profesorado para que poidan trasladar as incidencias, suxestións ou cambios sobre a marcha do primeiro semestre. Cabe sinalar que non houbo incidencias destacables, aínda que algúns docentes observan que hai un menor interese por parte do alumnado.
- *29 de xaneiro*: infórmase ao profesorado que imparte docencia no segundo semestre de que está dispoñible, no Campus Virtual, o calendario para rexistrar a carga de traballo dos semestres e a táboa para cumprimentar as actividades transversais, prácticas de campo e actividades de ApS levadas a cabo ao longo do curso.
- *26 de abril*: envíase ao profesorado un recordatorio para que rexistren as actividades transversais, prácticas de campo e actividades de ApS levadas a cabo ao longo do curso.
- *29 de maio*: infórmase ao profesorado dos resultados das enquisas de coordinación.
- *2 de xuño*: envíase ao profesorado o informe de coordinación do 1º curso do Grao en Mestre/a de Educación Infantil e do Dobre Grao e convócase unha xuntanza o 21 de xuño.
- *21 de xuño*: mantense unha reunión co profesorado para analizar os resultados das enquisas e comentar as incidencias acontecidas ao longo do curso académico (ver Anexo II).

5. Outras observacións ou comentarios

Nos Anexos III e IV adxúntanse os calendarios onde o profesorado rexistrou a carga de traballos dos semestres.

Lugo, 23 de xuño de 2023



Asdo: Alba María Souto Seijo
Coordinadora do 1º curso do Grao de Mestre/a en Educación Infantil e do Dobre Grao de Mestre en Educación Infantil e Mestre en Educación Primaria

Anexo I. Síntese da reunión celebrada co profesorado o 21 de outubro de 2022

Data: 21 de outubro de 2022

Hora de comezo: 10:00 horas

Hora de remate: 12:00 horas

Acoden a reunión: Maria José Fiuza Asorey, Carlos Dosil Díaz, María Marta Poncet Souto, Eva María Barreira Cerqueiras, Gabriela Dolores Míguez Salina, M^a Carmen Caldeiro Pedreira, Manoel Baña Castro, Alba María Souto Seijo.

Escusan a súa ausencia: Xesús Ferreiro Núñez; Pablo César Muñoz Carril; Francisco Xosé Candia Durán, Eugenio Manuel Otero Urtaza.

Orde do día:

1. Analizar a problemática xurdida en 1º de Grao en Educación Infantil con respecto a implicación dos estudantes nos traballos grupais.
2. Analizar a proposta dos estudantes con respecto ao formato dos traballos escritos.

1. Analizar a problemática xurdida en 1º de Grao en Educación Infantil con respecto a implicación dos estudantes nos traballos grupais.

En relación aos traballos grupais, púxose de manifesto a necesidade de que o alumnado aprenda a traballar en equipo e a xestionar as dificultades que poidan xurdir. Se o problema persiste deberían comunicarllo ao profesorado da materia para que tome as decisións oportunas.

Dado o elevado número de alumnos/as matriculados os docentes temos dificultades á hora de supervisar os traballos grupais. Por ese motivo, falouse da posibilidade de levar a cabo un Proxecto Interdisciplinario entre as diferentes materias do cuadrimestre. Deste xeito, os alumnos/as poderían adquirir a competencia de traballo en grupo a través deste Proxecto, e os docentes poderíamos supervisar de forma exhaustiva cada traballo. Así mesmo, tamén se comentou a posibilidade de destinar unhas sesións a darlles unhas pautas aos estudantes para que saiban como xestionar o traballo en grupo.

2. Analizar a proposta dos estudantes con respecto ao formato dos traballos escritos.
No que respecta ao segundo punto, solicitude de unificación do formato dos traballos, acordouse que cada docente solicitará o formato que crea conveniente en función da tipoloxía do traballo.

Lugo, 21 de outubro de 2022



Asdo: Alba María Souto Seijo

Coordinadora do 1º curso do Grao de Mestre/a en Educación Infantil e do Dobre Grao de Mestre en Educación Infantil e Mestre en Educación Primaria

Anexo II. Síntese da reunión celebrada co profesorado o 21 de xuño de 2023

Data: 21 de xuño de 2023

Hora de comezo: 11:00 horas

Hora de remate: 12:20 horas

Acoden a reunión: Maria José Fiuza Asorey, María Campos Magdaleno, Marcos Mecías Calvo, Uxía Garrido Filgueira, Carlos Dosil Díaz, Marta María Poncet Souto, Eva María Barreira Cerqueiras, Manoel Baña Castro, Pablo César Muñoz Carril, Francisco Xosé Candia Durán, Alba María Souto Seijo.

Escusan a súa ausencia: Alba Díaz Geada, Gabriela Dolores Miguez Salina, M^a Carmen Caldeiro Pedreira, Eugenio Manuel Otero Urtaza.

Orde do día:

1. Resultados da enquisa de coordinación de curso cuberta polo alumnado (primeiro infantil e primeiro dobre grao).
2. Rolda aberta de intervencións.

Síntese:

En xeral, os resultados das enquisas amosan un nivel de satisfacción elevado por parte do alumnado. Un dos aspectos nos que se acadou unha menor puntuación é o que fai referencia á carga de traballo autónomo das materias cursadas. O profesorado considera que hai que facerlles ver o número de horas de traballo autónomo que lle corresponden a cada materia (e que constan nos programas). Así mesmo, reivíndicase o papel de autoridade que teñen os programas, pois estes son aprobados pola Xunta de Facultade e o departamento correspondente.

Algúns docentes aluden á falta de interese e de esforzo por parte do alumnado e sinalan que non se pode baixar o nivel de esixencia. Ademais, considérase que os estudantes deben aprender a xestionar os tempos, os traballos en grupo, etc.

Na xuntanza ponse de manifesto que se produciron algunhas incidencias (ausencias a clase) no 8M.

Finalmente, acórdase non solicitar ao alumnado os informes escritos sobre a marcha do curso, xa que nas enquisas hai espazo para que, aquel alumnado que o desexe, poida amosar a súa opinión.

Lugo, 21 de xuño de 2023



Asdo: Alba María Souto Seijo

Coordinadora do 1º curso do Grao de Mestre/a en Educación Infantil e do Dobre Grao de Mestre en Educación Infantil e Mestre en Educación Primaria

Anexo III. Calendarios de rexistro da carga de traballo do primeiro curso do Grao de Mestre/a en Educación Infantil

PRIMEIRO SEMESTRE 2022-2023 PRIMEIRO INFANTIL

DATOS DAS MATERIAS

CÓDIGO	MATERIA	TIPO
G3131101	Socioloxía da educación	FB
G3131102	Infancia, familia e escola	FB
G3131104	Teoría e institucións contemporáneas da educación infantil	FB
G3151105	Didáctica e profesión docente	FB
G3131103	Psicoloxía do desenvolvemento (0-3 anos)	FB

CÓDIGOS DE ACTIVIDADES (resaltar na cor que corresponda os tres últimos díxitos do código da materia. Se unha materia ten dúas actividades o mesmo día, repetir o código da materia resaltado nas dúas cores, por exemplo: 123, 123):

■ ENTREGA DE TRABALLOS ESCRITOS (pode referirse indistintamente á data límite ou á data específica de entrega)

■ PRESENTACIÓN ORAL DE TRABALLOS

■ PROBAS PARCIAIS DA MATERIA /EXAMES

■ ENTREGA DE TRABALLOS SEN DATA ESPECÍFICA (ao longo dun mes determinado: nese caso, indicar en nota ao pé da táboa do mes correspondente, por exemplo: (*) 123 un traballo neste mes)

SETEMBRO 2022						
LU	MA	ME	XO	VE	SA	DO
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30		

OUTUBRO 2022						
LU	MA	ME	XO	VE	SA	DO
					1	2
3 101	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30
31						

NOVEMBRO 2022						
LU	MA	ME	XO	VE	SA	DO
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14 <small>101</small>	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30				


DECEMBRO 2022						
LU	MA	MI	JU	VI	SA	DO
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14 <small>104</small>	15	16 <small>101</small>	17	18
19 <small>101/105</small> <small>101/105</small>	20 <small>104</small>	21	22 <small>104</small>	23	24	25
26	27	28	29	30	31	

SEGUNDO SEMESTRE 2022-2023 PRIMEIRO INFANTIL

DATOS DAS MATERIAS


CÓDIGO	MATERIA	TIPO
G3131106	Psicoloxía do Desenvolvemento (3-6 anos)	FB
G3131107	Psicoloxía da Educación	FB
G3131108	Observación e Análise: Suxeitos e Procesos Educativos	FB
G3131109	Infancia. Saúde e Alimentación	FB
G3131207	Procesos de mellora e uso das TIC	FB

CÓDIGOS DE ACTIVIDADES (resaltar na cor que corresponda os tres últimos díxitos do código da materia. Se unha materia ten dúas actividades o mesmo día, repetir o código da materia resaltado nas dúas cores, por exemplo: 123, 123):

 ENTREGA DE TRABALLOS ESCRITOS (pode referirse indistintamente á data límite ou á data específica de entrega)

 PRESENTACIÓN ORAL DE TRABALLOS

 PROBAS PARCIAIS DA MATERIA /EXAMES

 ENTREGA DE TRABALLOS SEN DATA ESPECÍFICA (ao longo dun mes determinado: nese caso, indicar en nota ao pé da táboa do mes correspondente, por exemplo: (*) 123 un traballo neste mes)

XANEIRO-FEBREIRO 2023						
LU	MA	ME	XO	VE	SA	DO
30	31	1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27 107	28					

MARZO 2023						
LU	MA	ME	XO	VE	SA	DO
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	21	23	24	25	26
27 107	28	29	30	31		

ABRIL 2023						
LU	MA	ME	XO	VE	SA	DO
					1	2
3 207	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21 107	22	23
24	25	26	27	28	29	30

MAIO 2023						
LU	MA	MI	JU	VI	SA	DO
1	2	3 207	4	5	6	7
8	9	10 207	11	12	13	14
15 107 107	16				20 207	

Anexo IV. Calendarios de rexistro da carga de traballo do primeiro curso do Dobre Grao

PRIMEIRO SEMESTRE 2022-2023 PRIMEIRO DG

DATOS DAS MATERIAS

CÓDIGO	MATERIA	TIPO
G3151101	<i>Socioloxía da educación</i> (E. Primaria)	FB
G3151102	<i>Infancia, familia e escola</i> (E. Primaria)	FB
G3131103	<i>Psicoloxía do desenvolvemento (0-3 anos)</i> (E. Infantil)	FB
G3131105	<i>Didáctica e profesión docente</i> (E. Infantil)	FB
G3151105	<i>Psicoloxía da educación</i> (E. Primaria)	FB
G3151103	<i>Teoría e historia da educación escolar</i> (E. Primaria)	FB

CÓDIGOS DE ACTIVIDADES (resaltar na cor que corresponda o código da materia. Se unha materia ten dúas actividades o mesmo día, repetir o código da materia resaltado nas dúas cores, por exemplo: G1234567, G1234567):

ENTREGA DE TRABALLOS ESCRITOS (pode referirse indistintamente á data límite ou á data específica de entrega)

PRESENTACIÓN ORAL DE TRABALLOS

PROBAS PARCIAIS DA MATERIA /EXAMES

ENTREGA DE TRABALLOS SEN DATA ESPECÍFICA (ao longo dun mes determinado: nese caso, indicar en nota ao pé da táboa do mes correspondente, por exemplo: (*) G1234567 un traballo neste mes)

SETEMBRO 2022						
LU	MA	ME	XO	VE	SA	DO
			1	2	3	4
5	6	7 ₁₀₂	8	9	10	11
12	13	14 ₁₀₂	15	16	17	18
19	20	21 ₁₀₂	22	23	24	25
26	27	28 ₁₀₂	29	30		

OUTUBRO 2022						
LU	MA	ME	XO	VE	SA	DO
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19 ₁₀₂	20	21	22	23
24	25	26 ₁₀₂	27	28	29	30
31						

NOVEMBRO 2022						
LU	MA	ME	XO	VE	SA	DO
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30				


DECEMBRO 2022						
LU	MA	MI	JU	VI	SA	DO
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
105 / 105						
26	27	28	29	30	31	

SEGUNDO SEMESTRE 2022-2023 PRIMEIRO DG

DATOS DAS MATERIAS


CÓDIGO	MATERIA	TIPO
G3131108	<i>Observación e análise: suxeitos e procesos educativos</i> (E. Infantil)	FB
G3131109	<i>Infancia, saúde e alimentación</i> (E. Infantil)	FB
G3131106	<i>Psicoloxía do desenvolvemento (3-6 anos)</i> (E. Infantil)	FB
G3151108	<i>Escola, comunidade e TIC</i> (E. Primaria)	FB
G3151122	<i>Fundamentos da Educación física</i> (E. Primaria)	OB
G3151106	<i>Psicoloxía do desenvolvemento (6-12 anos)</i> (E. Primaria)	FB

CÓDIGOS DE ACTIVIDADES (resaltar na cor que corresponda o código da materia. Se unha materia ten dúas actividades o mesmo día, repetir o código da materia resaltado nas dúas cores, por exemplo: G1234567, G1234567):

 ENTREGA DE TRABALLOS ESCRITOS (pode referirse indistintamente á data límite ou á data específica de entrega)

 PRESENTACIÓN ORAL DE TRABALLOS

 PROBAS PARCIAIS DA MATERIA /EXAMES

 ENTREGA DE TRABALLOS SEN DATA ESPECÍFICA (ao longo dun mes determinado: nese caso, indicar en nota ao pé da táboa do mes correspondente, por exemplo: (*) G1234567 un traballo neste mes)

XANEIRO-FEBREIRO 2023						
LU	MA	ME	XO	VE	SA	DO
30	31	1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17 106	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28 106					

MARZO 2023						
LU	MA	ME	XO	VE	SA	DO
		1	2	3	4	5
6	7 106	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	21	23	24	25	26 106
27	28	29	30	31		

ABRIL 2023						
LU	MA	ME	XO	VE	SA	DO
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14 106	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30

MAIO 2023						
LU	MA	MI	JU	VI	SA	DO
1	2	3	4	5	6	7 106
8	9	10 106	11	12	13	14
15	16					

MODELO DE INFORME DE COORDINACIÓN DE CURSO

INFORME DE COORDINACIÓN 2022- 2023

CURSO E GRAO: Segundo Curso de Educación Infantil

NOME DO COORDINADOR/A DE CURSO: María del Carmen Gómez gómez

1. Actividades transversais, prácticas de campo e actividades con profesionais externos desenvolvidas durante o curso (recompilar do profesorado)

Data:	<i>Abril 2023</i>
Tipo de actividade:	<i>Charla-coloquio ODS</i>
Responsable:	<i>Carmen Gómez</i>
Título:	<i>Presentación campaña mundial pola educación e os ODS</i>
Breve descrición:	<i>Sesión sobre el dereito á educación impartida por EDUCO, realización de póster para expor na facultade a semana da educación</i>
Materia vinculada:	<i>Organización e Xestión do centro escolar.</i>
Data:	
Tipo de actividade:	
Responsable:	
Título:	
Breve descrición:	
Materia vinculada:	

2. Resultados dos cuestionarios de coordinación do curso cubertos polo alumnado

2.1. Táboa-resumo:

Número de respostas: <i>12</i> Data de recollida: <i>12/06/2023</i>				
Curso e grao: <i>Segundo Curso Ed. Infantil</i>				
ASPECTOS AVALIABLES	GRAO DE SATISFACCIÓN (porcentaxes)			
	NADA	POUCO	BASTANTE	MOITO
1.- Número de alumnos/as nas sesión expositivas, interactivas e titoriais (xustificar nas observacións)		8%	42%	50%
OBSERVACIÓNS Un alumno indica moitas				
2.- Espazos para a docencia		8%	50%	42%

OBSERVACIÓNS (resumir comentarios)				
3.- Recursos técnicos para a docencia		16%	50%	36%
OBSERVACIÓNS (resumir comentarios)				
4.- Horarios lectivos		50%	16%	36%
OBSERVACIÓNS 1 resposta: Temos horarios continuados, tendo algúns días nos que estou dende ás 9:00 ata ás 20:30 1 resposta. As veces hai moitas horas lectivas seguidas				
5.- Carga de traballo autónomo das materias do primeiro semestre		25%	59%	16%
OBSERVACIÓNS 1 Resposta. Algunhas materias requiriron bastante carga de traballo en función do tempo do que se dispoñía. 1 Resposta. Hai materias nas que a carga de traballo é moi superior ás horas establecidas para cada materia				
6.- Número de traballos realizados nas materias, prazos para a preparación e datas de presentación			75%	25%
OBSERVACIÓNS (resumir comentarios)				
7.- Coordinación entre docentes nas materias con máis dun profesor/a		25%	50%	25%
OBSERVACIÓNS 1 Resposta: As veces non vese a coordinación entre ou profesorado				
8.- Adecuación dos contidos, metodoloxía e avaliación ao especificado nos programas e guías docentes		8%	74%	16%
OBSERVACIÓNS (resumir comentarios)				
9.- Solapamentos de contidos entre materias, ou dentro da mesma materia impartida por máis dun profesor/a (xustificar nas observacións)		16%	59%	25%
OBSERVACIÓNS (resumir comentarios)				

2.2. Síntese dos resultados do cuestionario:

Alumnado:

As enquisas completáronas 12 participantes, a maioría están moi satisfeitos ou bastante satisfeitos en todas as preguntas excepto en horarios lectivos por ter moita carga algúns días.

2.3. Observacións do profesorado sobre os datos recompilados (de habelas)

O feito de realizar exames eliminatorios antes do exame oficial está a provocar que o alumnado nas semanas previas dedique máis esforzo á preparación de devandito exame que á preparación de presentacións, traballos, etc., que xa están programados con anterioridade. Esta situación supón alterar o ritmo de traballo dalgunhas materias.

Para chegar a acordos neste asunto convocouse unha reunión o día 21/06/2021 as 16:30 cos docentes de 2º na que se chegou aos seguintes acordos aprobados por unanimidade.

- Lembrar ao alumnado a carga horaria de traballo autónomo de cada materia.
- Lembrar ao alumnado que en cada docente ten até tres horas para tutorías programadas individuais ou grupales nas que pode citar para realizar seguimentos de traballos, liquidar dúbidas, etc.
- Respetar as datas oficiais de exame que están aprobadas por xunta de facultade.
- Non adiantar datas de exame nin facer exames pre- oficiais nin eliminatorios.

3. Suxestións, demandas ou queixas de profesorado /alumnado

4. Resumo das reunións ou comunicacións mantidas con alumnado e profesorado, de habelas (datas, procedemento, asistentes, temática, acordos). Como mínimo, incluír aquí a comunicación ao profesorado dos resultados da enquisa e, de ser pertinente, a retroalimentación ao alumnado por medio de mensaxe no Campus Virtual

O día 21/09/2022, 28/09/22, 17/10/2022 e 03/11/2022 contactouse co alumnado do curso a través do campus Virtual para proceder á elección de delegado/a e subdelegado/a.

O día 03/11/2022 contactouse por email co delegado e subdelegado de curso para informalos sobre as súas funcións.

Os resultados da enquisa de coordinación foron comunicados ao profesorado o día 14/06/2023 por email, recibíndose as correspondentes alegacións.

5. Outras observacións ou comentarios

Data e sinatura

Firmado por GOMEZ GOMEZ
MARIA CARMEN - ***3446** el
día 05/07/2023 con un
certificado emitido por AC
FNMT Usuarios

INFORME DE COORDINACIÓN DO CURSO 2022-2023

CURSO E GRAO: Terceiro curso de Educación Infantil e terceiro curso de Dobre Grao

COORDINADORA: Montserrat Souto Gómez

1. ACTIVIDADES TRANSVERSAIS, PRÁCTICAS DE CAMPO E ACTIVIDADES CON PROFESIONAIS EXTERNOS DESENVOLVIDAS DURANTE O CURSO (RECOMPILAR DO PROFESORADO)

Data:	Do 21 de marzo de 2023 ao 19 de maio de 2023
Tipo de actividade:	Proxecto de Aprendizaxe-Servizo
Responsable:	Paula Rodríguez Abruñeiras
Título:	<i>Que (non) morra o conto!</i>
Breve descrición:	Este proxecto consiste en recuperar contos, historias e lendas que forman parte do patrimonio da literatura popular galega e transmitirlos ás crianzas para, por un lado, evitar que estes se perdan e, por outro, espertar nas crianzas o interese pola lectura e polos contos tradicionais galegos. Para iso, o alumnado debe (en grupos de traballo) falar con persoas maiores do seu entorno e conseguir que unha lle conte un conto, o cal terán que gravar e transcribir. Con eses datos, o alumnado debe adaptar ese conto ao alumnado de Educación Infantil. Unha vez lista a adaptación, deberán ir a centros educativos da súa elección a contarlles os contos.
Materia vinculada:	Educación e linguas en Galicia
Data:	Do 7 de febreiro de 2023 ao 25 de abril de 2023
Tipo de actividade:	Proxecto de innovación
Responsable:	Rocío García-Pedreira
Título:	<i>Club de lectura + blog “Petiscando Libros” (2ª edición)</i>
Breve descrición:	O obxectivo principal foi ofrecer un espazo de lectura dialóxica, mediante a estratexia do club de lectura, cuxos resultados foron postos a disposición da sociedade mediante o desenvolvemento dun blog de recomendacións literarias e propostas didácticas, realizado por e para docentes, titulado Petiscando libros. Ademais, o proxecto continúa unha primeira edición da proposta realizada durante o ano 2021/2022, que obtivo uns resultados moi positivos e que confirmaron a viabilidade do recurso creado (https://petiscandolibros.wordpress.com/).
Materia vinculada:	Literatura e arte

Data:	Do 7 de febreiro de 2023 ao 23 de xuño de 2023
Tipo de actividade:	Proxecto de innovación
Responsable:	Rocío García-Pedreira
Título:	<i>"Petíscome" Temporada 1: creadoras galegas. Un videopodcast sobre libros e ilustración</i>
Breve descrición:	Petíscome" é unha experiencia de videopodcast con perspectiva de xénero no eido da formación literaria e artística de docentes en formación. A primeira temporada á que fai referencia esta memoria compúxose de oito capítulos que acolleron diversas entrevistas a creadoras e ilustradoras galegas vinculadas co mundo do álbum ilustrado, cómic e obras literarias dirixidas á infancia e xuventude. Contou co apoio económico do Servizo de Normalización Lingüística da USC (a través da convocatoria de axudas para actividades de normalización lingüística) e do decanato da Facultade de Formación do Profesorado para o pagamento ás invitadas e formadores. Por outra parte, a biblioteca da mesma facultade fíxose cargo da compra dos exemplares das obras das autoras que non estaban xa dispoñibles no catálogo. Finalmente, tamén colaboraron mediante o préstamo de material técnico os grupos de investigación LITER21 —ao que pertence a docente responsable da materia— e o Grupo de Investigación en Comunicación Audiovisual.
Materia vinculada:	Literatura e arte

2. RESULTADOS DOS CUESTIONARIOS DE COORDINACIÓN DO CURSO CUBERTOS POLO ALUMNADO

2.1. Táboa-resumo de 3º curso de Educación Infantil

Número de respostas: 65		Data de recollida: 07/06/2023		
Curso e grao: Terceiro Curso Educación Infantil				
ASPECTOS AVALIABLES	GRAO DE SATISFACCIÓN (porcentaxes)			
	NADA	POUCO	BASTANTE	MOITO
1.- Número de alumnos/as nas sesións expositivas, interactivas e titoriais	3%	9%	43%	10%
OBSERVACIÓNS Oito persoas indican que hai demasiado alumnado nos grupos expositivos ou interactivos. Unha desas persoas destaca o caso de Teoloxía católica e a súa pedagogía (100 persoas nun grupo interactivo).				
2.- Espazos para a docencia	6%	15%	36%	8%

OBSERVACIÓNS				
En trece respostas móstranse diversas incomodidades: aulas anticuadas, cadeiras incómodas, falta de espazos adecuados ás diversas actividades... Destacan en positivo o laboratorio de educación infantil e a aula de plástica.				
3.- Recursos técnicos para a docencia	4%	14%	38%	9%
OBSERVACIÓNS				
Cinco estudantes destacan a escaseza de material e o mal funcionamento dos proxectores.				
4.- Horarios lectivos	21%	21%	18%	5%
OBSERVACIÓNS				
O alumnado protesta por ter horario partido, ocos libres entre clases, clases os venres á tarde e dificultade para conciliar con outras actividades (21 respostas).				
5.- Carga de traballo autónomo das materias do primeiro semestre e a súa compatibilidade co Prácticum I	3%	8%	41%	13%
OBSERVACIÓNS				
Tres respostas inciden na excesiva carga de traballo.				
6.- Número de traballos realizados nas materias, prazos para a preparación e datas de presentación	4%	21%	36%	4%
OBSERVACIÓNS				
Dez persoas destacan o exceso de traballo, sobre todo no segundo semestre. Cítase en concreto a enorme carga de traballo da materia <i>Educación emocional</i> .				
7.- Coordinación entre docentes nas materias con máis dun profesor/a	5%	14%	42%	4%
OBSERVACIÓNS				
Obsérvase falta de coordinación e, en consecuencia, repetición de contidos (cinco respostas).				
8.- Adecuación dos contidos, metodoloxía e avaliación ao especificado nos programas e guías docentes	5%	13%	43%	4%
OBSERVACIÓNS				
Oito persoas fixeron referencia ao sistema de avaliación da materia de Música na Educación Infantil. Como se explicará máis tarde, a reclamación do alumnado foi resolta coa intervención do Decanato.				
9.- Solapamentos de contidos entre materias, ou dentro da mesma materia impartida por máis dun profesor/a	6%	13%	37%	9%

OBSERVACIÓNS

Só unha persoa insiste na idea de que hai solapamento de contidos, pero non indica entre que materias.

OBSERVACIÓNS XERAIS

As seis observacións xerais recibidas fan referencia aos horarios, solicitando que haxa clase só polas mañás, “igual que noutras universidades”.

2.2. Síntese dos resultados do cuestionario

O alumnado amósase satisfeito en xeral con oito dos nove ítems cuestionados, tal e como se mostra cos datos numéricos en cor verde. Pola contra, atópase pouco satisfeito cos horarios lectivos, por todas as razóns que se indican na pregunta 4.

2.3. Observacións do profesorado sobre os datos recompilados

2.3.1. Teoloxía católica e a súa pedagogía

En resposta á pregunta 1 (Número de alumnos/as nas sesións expositivas, interactivas e tutoriais), o 83 % do alumnado que contestou a enquisa mostrouse satisfeito. Aínda así, nas observacións, unha persoa fixo a seguinte consideración: “En *Relixión* eramos 100 persoas nunha interactiva. Parécenme demasiadas”.

O profesor da materia responde:

“Efectivamente, o tema dos interactivos foi complexo. Tiña 139 alumnos para dous grupos interactivos concedidos e, aínda que hipoteticamente se puidesen dividir á metade sen mais, serían agrupamentos de case 70. Con todo, antes de resignarme a que tiña que ser así (un interactivo de case 100 e outro co resto), saben eles que probamos moitas cousas. Pedir outro grupo de centro, cando tiñan xa todos os horarios organizados (hai que ter en conta que a esta optativa veñen de infantil, primara e dobre grado) non resolvía o problema. Pero si lles consultei a posibilidade de partir os grupos, si lles pedín aos que podían que se movesen ao menos numeroso, etc., con resultados pouco eficaces. Con todo, fixemos o que puidemos. Era mais molesto polo espazo reducido (as expositivas xa foron todas no salón de actos) que polos números en si.

Para o ano teño un terceiro grupo interactivo xa en horario, co cal -á falta de saber os números de matrícula- probablemente esta dificultade non se presente”.

2.3.2. Educación emocional

En resposta á pregunta nº 11 (Número de traballos realizados nas materias, prazos para a preparación e datas de presentación), o 62.5 % do alumnado que contestou a enquisa mostrouse satisfeito. Aínda así, nas observacións, unha persoa fixo a seguinte consideración: “Na materia de *Educación emocional* moita carga de traballo”.

A profesora da materia responde:

“Sinceramente non considero que teña que falar nada con eles. A carga de traballo de este ano foi moito menor á do ano pasado. Había moitas cousas opcionais e moita xente

fixo máis do que se lle pedía. E todos tiñan a opción de obter a mesma puntuación realizando un exame final en vez de avaliación continua. Polo tanto, considero que non teñen razón. Pero sempre teñen algo de que queixarse. Considero que estamos sendo moi paternalistas co alumnado, dentro de pouco van ser eles os que determinen o programa das materias”.

2.4. Táboa-resumo de 3º curso do Dobre Grao

Número de respostas: 12		Data de recollida: 07/06/2023			
Curso e grao: Terceiro curso do Dobre Grao					
ASPECTOS AVALIABLES	GRAO DE SATISFACCIÓN (percentaxes)				
	NADA	POUCO	BASTANTE	MOITO	
1.- Número de alumnos/as nas sesións expositivas, interactivas e titoriais	0%	0%	11%	1%	
OBSERVACIÓNS Non hai					
2.- Espazos para a docencia	0%	5%	7%	0%	
OBSERVACIÓNS Fálase de espazos incómodos, destacando a aula de música e as aulas interactivas da mención de Audición e Linguaxe (3 respostas).					
3.- Recursos técnicos para a docencia	0%	3%	9%	0%	
OBSERVACIÓNS Unha persoa observa que os recursos non son suficientes, sen dar detalles.					
4.- Horarios lectivos	3%	5%	3%	1%	
OBSERVACIÓNS Cinco persoas insisten en que os horarios non son adecuados (moitas horas mortas, todo o día na facultade e só unha hora para comer).					
5.- Carga de traballo autónomo das materias do primeiro semestre e a súa compatibilidade co Prácticum I	3%	3%	6%	0%	
OBSERVACIÓNS Cinco respostas inciden na excesiva carga de traballo autónomo, sobre todo cando “os docentes non ofrecen as explicacións de acordo co nivel que despois esixen nas probas escritas”.					
6.- Número de traballos realizados nas materias, prazos para a preparación e datas de presentación	2%	7%	3%	0%	

OBSERVACIÓNS				
Cinco persoas destacan o elevado número de traballos. Unha sexta persoa cita tres materias nas que o traballo está moi ben organizado (<i>Detección de trastornos, Aprendizaxe da lingua oral e Xeometría</i>) e unha materia na que houbo só tres semanas para facer unha unidade didáctica e presentala (<i>Música na Educación Primaria</i>).				
7.- Coordinación entre docentes nas materias con máis dun profesor/a	0%	3%	8%	1%
OBSERVACIÓNS				
Unha persoa fala de contradición de contidos entre a primeira e a segunda parte dunha materia; outra persoa fala de repetición de contidos.				
8.- Adecuación dos contidos, metodoloxía e avaliación ao especificado nos programas e guías docentes	0%	4%	8%	0%
OBSERVACIÓNS				
Non hai				
9.- Solapamentos de contidos entre materias, ou dentro da mesma materia impartida por máis dun profesor/a	6%	3%	3%	0%
OBSERVACIÓNS				
Sete persoas observan repeticións de contidos entre materias de infantil e materias de primaria. Citan os seguintes exemplos: Música de Infantil e Primaria; Motricidade infantil e Fundamentos da educación física; Psicoloxía do desenvolvemento 0-3, 3-6, 6-12; Ensino e aprendizaxe de linguas en contextos multilingües e Aprendizaxe da lingua oral.				
OBSERVACIÓNS XERAIS				
Unha persoa destaca a pésima organización dos horarios e do plan de estudos do Dobre Grao.				

2.5. Síntese dos resultados do cuestionario

O alumnado amósase satisfeito en xeral con cinco dos nove ítems cuestionados, tal e como se mostra cos datos numéricos en cor verde. Pola contra, atópase pouco satisfeito cos horarios lectivos, a carga de traballo autónomo, o número de traballos e o solapamento de contidos entre as materias.

2.6. Observacións do profesorado sobre os datos recompilados

En resposta á pregunta nº 11 (Número de traballos realizados nas materias, prazos para a preparación e datas de presentación), o 75 % do alumnado que contestou a enquisa mostrouse pouco ou nada satisfeito. Ademais, nas observacións, unha persoa fixo a seguinte consideración: "En esta pregunta tengo diversidad de opiniones, considero que hay materias en las que se organiza muy bien el trabajo(...); pero hay otras materias en las que no, como es el caso de *Música en la Educación Primaria*, donde hemos dispuesto de 3 semanas para realizar una Unidad Didáctica y su respectiva presentación".

A profesora responsable da materia responde que o alumnado dispuxo de moito máis de tres semanas para realizar a unidade didáctica e preparar súa presentación oral, e non considera necesario transmitir ningunha xustificación ao alumnado.

3. SUXESTIÓNS, DEMANDAS OU QUEIXAS DE PROFESORADO /ALUMNADO

O 28 de abril de 2023, unha parte do alumnado da materia *Música na Educación Infantil* mostrou o seu descontento polo sistema de avaliación desenvolvido polo profesor substituto en comparación co sistema de avaliación mantido pola profesora titular en anos previos. Coa mediación do Decanato, o profesor da materia presentou ao alumnado dous sistemas de avaliación alternativos, para que puidesen elixir o que considerasen máis adecuado.

A parte desta queixa, e tras preguntar por e-mail tanto ás delegadas de curso como ao profesorado, non houbo máis suxestións nin demandas ao longo do curso.

4. RESUMO DAS COMUNICACIÓNS MANTIDAS CON ALUMNADO E PROFESORADO

4.1. Comunicación co alumnado

Do 8 ao 29 de setembro de 2022 tivo lugar o proceso de elección de delegada e subdelegada de curso. A votación foi a través da aula virtual de coordinación e os resultados foron os seguintes:

- 3º Curso de Educación Infantil
 - Delegada: Noelia Rodríguez Varela
 - Subdelegada: Thalía Fernández Rodríguez
- 3º Curso do Dobre Grao
 - Delegada: Lucía Lorenzo Otero
 - Subdelegada: Nuria López García

O 1 de decembro de 2022 desde esta coordinación recordóuselles a importancia de cubrir as enquisas de satisfacción do alumnado coa docencia recibida.

O 14 de decembro de 2022 recibiron a solicitude de que comunicasen ás súas delegadas calquera tipo de demanda, suxestión ou queixa. Non se recibiu ningunha comunicación ao respecto.

O 25 de abril de 2023 solicitouse a súa colaboración para cubrir a enquisa de coordinación de curso. Contactouse, ademais, coa profesora de *Literatura Infantil e Dramatización* (Cristina Martínez Tejero) e co profesor de *Escola Inclusiva e NEE* (Ricardo Fandiño Pascual) para que facilitasen ao alumnado a realización das enquisas durante as súas horas de clase. Sen dúbida, o alto grado de participación deste ano (65 respostas en Infantil e 12 en Dobre Grao) é grazas á colaboración destes dous profesores.

Do 28 de abril ao 2 de maio de 2023 tivo lugar o proceso de resolución da queixa do alumnado sobre a avaliación da materia de *Música na Educación Infantil*.

O 12 de xuño de 2023 enviouse ao alumnado a información do Decanato sobre os resultados da enquisa de coordinación de curso.

O 20 de xuño de 2023 recordouse ao alumnado a importancia de participación nas enquisas de satisfacción coa titulación.

4.2. Comunicación co profesorado

Ao inicio de cada semestre, esta coordinación púxose en contacto co profesorado de 3º de Infantil e Dobre Grao para pedirles que cubrisen os calendarios de entrega de traballos e o rexistro de actividades transversais.

Ao final de cada semestre (14/12/2022 e 24/05/2023) solicitouse ao profesorado que comunicase calquera demanda, suxestión ou queixa que tivera sobre o desenvolvemento do curso. Non se recibiu ningunha comunicación ao respecto.

O 24 de maio de 2023 realizouse o informe de revisión dos programas de 3º curso de Educación Infantil e enviouse á coordinadora do título de Infantil.

O 7 de xuño de 2023 procedeuse a comunicar a tres profesores/as os comentarios do alumnado sobre materias concretas na enquisa de coordinación. Os tres profesores implicados responderon dando as súas explicacións e engadindo que non era necesario que esa explicación chegase ao alumnado (apdos. 2.3 e 2.6).

O 20 de xuño de 2023 recordouse ao profesorado a importancia de participación nas enquisas de satisfacción coa titulación.

Tendo en conta que non houbo ningún tipo de suxestión ou queixa por parte do profesorado, esta coordinación non considerou necesario convocar ningunha reunión ao longo do curso 2022-2023.

O que asino en Lugo, a 22 de xuño de 2023

SOUTO
GOMEZ
MONTSERRAT
- 76863633W

Firmado
digitalmente por
SOUTO GOMEZ
MONTSERRAT -
76863633W
Fecha: 2023.06.22
19:57:18 +02'00'

Asdo. Montserrat Souto Gómez

MODELO DE INFORME DE COORDINACIÓN DE CURSO

INFORME DE COORDINACIÓN 2022- 2023

CURSO E GRAO: Cuarto Curso de Infantil

NOME DO COORDINADOR/A DE CURSO: Sabela Fernández Monteiro

1. Actividades transversais, prácticas de campo e actividades con profesionais externos desenvolvidas durante o curso (recompilar do profesorado: táboas de actividades)

Na táboa de actividades habilitada a tal efecto na aula de coordinación do curso para o profesorado, e sobre a que se informou ao mesmo por mensaxería do campus virtual a principios e finais de curso, non hai rexistros para o curso 2022/23. (Info a 28/04/2023)

Por outra banda, a biblioteca da FFP ofertou o Curso de Competencias en Información de Nivel Avanzado e informou ao alumnado sobre o mesmo nunha sesión expositiva da materia obrigatoria Aprendizaxe das Ciencias da Natureza, dada a relevancia da actividade para alumnado deste curso de cara a elaboración do seu TFG. Os datos da actividade inclúense a continuación.

Data de inicio da actividade:	01/11/2022
Data de finalización da actividade:	30/11/2022
Duración da Actividade:	25 horas
Tipo de actividade:	Curso non presencial
Responsable:	Biblioteca da Facultade de Formación do Profesorado César Gómez
Nome da actividade:	Curso de Competencias en Información de Nivel Avanzado.
Breve Descrición:	Contribuír á adquisición de competencias informacionais na comunidade Universitaria. As competencias informacionais son o conxunto de coñecementos, habilidades, actitudes e condutas que capacitan aos individuos para recoñecer cando necesitan información, onde localizala, como avaliar a súa idoneidade e darlle o uso adecuado de acordo co problema que se lles formula.
Outras	Alumnado do grao de Infantil: Matriculados (29) - Aptos (9)

Cuestionarios de coordinación do curso cubertos polo alumnado

1.1. Resumo de resultados

En canto á enquisa do primeiro semestre:

A participación foi moi baixa, xa que so 8 persoas contestaron ao cuestionario, a pesar dos 2 avisos feitos pola aula virtual e de que se lles proporcionou tempo para cubrir a enquisa ao longo da penúltima semana durante as interactivas de dúas materias obrigatorias, Aprendizaxe da matemática e Aprendizaxe das Ciencias da Natureza.

As respostas aos ítems son en xeral positivas, atopando so as opcións Bastante satisfeito e Moi satisfeito, agás polas seguintes excepcións: unha resposta pouco satisfeito nas cuestións referidas a horarios (7) e adecuación ás guías docentes (ítem 15).

En canto á enquisa do segundo semestre:

Habilitase a día 26/04/2023 e desde a coordinación de título e de practicum, realízase petición ao profesorado supervisor de practicum para que destinen 10 minutos da derradeira sesión de supervisión a cumprimentar a enquisa, para favorecer a participación.

Obtéñense dúas respostas: bastante satisfeito co TFG e practicum; e bastante satisfeito e moi satisfeito coa carga de traballo do segundo semestre.

Observacións do profesorado sobre os datos recompilados (de habelas)

2. Suxestións, demandas ou queixas de profesorado /alumnado

2.1. Non hai incidencias ou suxestións por parte do alumnado.

2.2. O docente dunha materia optativa púxose en contacto para expresar a súa satisfacción xeral co alumnado deste grupo. Como docente dunha materia obrigatoria, comparto a apreciación.

3. Resumo das reunións ou comunicacións mantidas con alumnado e profesorado, de habelas (datas, procedemento, asistentes, temática, acordos). Como mínimo, incluír aquí a comunicación ao profesorado dos resultados da enquisa e, de ser pertinente, a retroalimentación ao alumnado por medio de mensaxe no Campus Virtual

As representantes do alumnado foron contactadas por correo o día 16/12 para coñecer posibles incidencias, queixas ou comentarios. Non hai achegas ao respecto.

4. Outras observacións ou comentarios

Data e sinatura

28/04/2023 Sabela Fernández Monteiro

NOTA: adxuntar como anexos as evidencias que se teñan de reunións de coordinación (de habelas)

Non hai evidencias de reunións de coordinación. A continuación, adxúntanse as evidencias de accións de mellora.

Evidencias que se adxuntan neste documento, por orde de aparición:

- 1- Calendario de traballos das materias de 4º curso de Educación Infantil
- 2- Captura de pantalla do listado de actividades transversais de 4º curso de Educación Infantil no que se evidencia que non hai entradas (24/10/2022)
- 3- Exemplo: captura de fío de mensaxes para todo o profesorado de 4º curso de Educación Infantil na aula de coordinación do campus virtual
- 4- Copia da mensaxe enviada ao profesorado de 4º curso de Educación Infantil acerca do Calendario de traballos
- 5- Captura de pantalla da mensaxe enviada ao profesorado de 4º curso de Educación Infantil acerca do Calendario de traballos
- 6- Copia da mensaxe enviada ao profesorado de 4º curso de Educación Infantil acerca da táboa de actividades transversais
- 7- Captura de pantalla da mensaxe enviada ao profesorado de 4º curso de Educación Infantil acerca da táboa de actividades transversais

1- Calendario de traballos das materias de 4º curso de Educación Infantil

PRIMEIRO SEMESTRE 2022-2023 CUARTO INFANTIL

DATOS DAS MATERIAS (Obrigatorias, optativas de mención e optativas xerais)

CÓDIGO	MATERIA	TIPO
G3131321	Aprendizaxe da matemática	Obrigatoria
G3131422	Aprendizaxe das ciencias sociais	Obrigatoria
G3131423	Aprendizaxe das ciencias da natureza	Obrigatoria
G3131463	O debuxo como medio	Optativa (Art)
G3131464	Proxectos Artísticos	Optativa (Art)
G3131441	Educación en contextos rurais	Optativa
G3131443	Xogo Infantil	Optativa
G3131445	Deseño e elaboración de materias didácticos	Optativa
G3131446	Educación ambiental e a súa didáctica	Optativa
G3131449	Educación Vocal para Docentes	Optativa
G3131450	Identidade de xénero e educación	Optativa

O alumnado cursa 3 obrigatorias e 2 optativas, máis 3 créditos do TFG para completar os 30.

CÓDIGOS DE ACTIVIDADES (resaltar na cor que corresponda os tres últimos díxitos do código da materia. Se unha materia ten dúas actividades o mesmo día, repetir o código da materia resaltado nas dúas cores, por exemplo: **123**, **123**):

ENTREGA DE TRABALLOS ESCRITOS (pode referirse indistintamente á data límite ou á data específica de entrega)

PRESENTACIÓN ORAL DE TRABALLOS

PROBAS PARCIAIS DA MATERIA /EXAMES

ENTREGA DE TRABALLOS SEN DATA ESPECÍFICA (ao longo dun mes determinado: nese caso, indicar en nota ao pé da táboa do mes correspondente, por exemplo: (*) **123** un traballo neste mes)

SETEMBRO 2022						
LU	MA	ME	XO	VE	SA	DO
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30		

OUTUBRO 2022						
LU	MA	ME	XO	VE	SA	DO
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30
31						

NOVEMBRO 2022						
LU	MA	ME	XO	VE	SA	DO
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21 449	22	23	24	25	26	27
28	29	30 449				

DECEMBRO 2022						
LU	MA	MI	JU	VI	SA	DO
		1	1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13 421, 423	14	15	16	17	18
19	20 421, 423	21 421, 423	22 421, 423	23	24	25
26	27	28	29	30	31	

2- Captura de pantalla do listado de actividades transversais de 4º curso de Educación Infantil no que se evidencia que non hai entradas (24/10/2022)

Coordinación 4º Curso do Grao en Mestre de Educación Infantil (L) [G3131P [2022/2023]

[Inicio](#) / [Os meus cursos](#) / [Curso 2022/2023](#) / [Coordinación](#) / [Coordinación 4º Curso do Grao en Mestre de Educaci...](#) / [Xeral](#) / [Registro de actividades transversais, de camp](#)

Navegación

- ▼ Inicio
 - 🏠 Taboleiro
 - > Páxinas do sitio
- ▼ Os meus cursos
 - > Curso 2021/2022
 - > Curso 2022/2023
 - > Grao
 - > Posgrao
- ▼ Coordinación
 - > [Coordinación 4º Curso do Dobre Grao en Mestre de E...](#)
 - ▼ [Coordinación 4º Curso do Grao en Mestre de Educaci...](#)
 - > [Participantes](#)
 - 📄 [Cualificacións](#)
 - ▼ Xeral
 - 📄 [Anuncios](#)
 - ▼ [Registro de actividades transversais, de campo, ac...](#)
 - [Ver lista](#)

Registro de actividades transversais, de campo, actividades con profesion etc.)

Marcar como feito

Ver lista

Ver única

Buscar

Engadir entrada

Modelos

Campos

Predefinicións

Non hai entradas na base de datos

← Anuncios

Ir a...

Coordinación 4º Curso do Grao en Mestre de Educación Infantil (L) [G [2022/2023]

[Inicio](#) / [Os meus cursos](#) / [Curso 2022/2023](#) / [Coordinación](#) / [Coordinación 4º Curso do Grao en Mestre de Educaci...](#)

Navegación

- ▾ Inicio
 - 🌐 [Taboleiro](#)
 - > [Páxinas do sitio](#)
 - ▾ [Os meus cursos](#)
 - > [Curso 2021/2022](#)
 - ▾ [Curso 2022/2023](#)
 - > [Grao](#)
 - > [Posgrao](#)
 - ▾ [Coordinación](#)
 - > [Coordinación 4º Curso do Dobre Grao en Mestre de E...](#)
 - ▾ [Coordinación 4º Curso do Grao en Mestre de Educaci...](#)
 - > [Participantes](#)
 - 📄 [Cualificacións](#)
 - > [Xeral](#)
 - > [Coordinación 4º Curso do Grao en Mestre de Educaci...](#)
 - > [Coordinación 5º Curso do Dobre Grao en Mestre de E...](#)
 - > [Coordinación Dobre Grao en Mestre de](#)

🗨️ Anuncios

Coordinadora 4º curso do Grao en Mestra/e de Educación Infantil:

Sabela Fernández Monteiro sabela.fernandez.monteira@usc.es

Representantes do alumnado:

- **Delegada:** *Raquel Romero Blanco* raquel.romero@rai.usc.es
- **Subdelegada:** *Carla Casal Picos* carla.casal.picos@rai.usc.es

Marcar como feito

☰ Rexistro de actividades transversais, de campo, actividades con profesionais externas, etc.)

Marcar como feito

[Agochar para os alumnos](#)

◀ carga

Mensaxes

-  **Maria Del Mar Viña Rouco** 19/09/2022
Vostede: Prezado profesorado
-  **Gabriela Dolores Miguez Sa**
Vostede: Prezado profesorado
-  **Anastasiia Ogneva** 19/09/2022
Vostede: Prezado profesorado
-  **Carlos Emilio Reigosa Castr**
Vostede: Prezado profesorado
-  **Paula Rodriguez Abruñeiras**
Vostede: Prezado profesorado
-  **Olaya Santamaria Queiruga**
Vostede: Prezado profesorado
-  **Montserrat Souto Gomez** 19/09/2022
Vostede: Prezado profesorado
-  **David Varela Vazquez** 19/09/2022
Vostede: Prezado profesorado
-  **Teresa Susana Vázquez Reg**
Vostede: Prezado profesorado
-  **Jose Ramon Veiga Alonso** 19/09/2022
Vostede: Prezado profesorado
-  **Mar De Santiago Perez** 19/09/2022
Vostede: Prezado profesorado
-  **Angel Daniel Diaz Trigo** 19/09/2022
Vostede: Prezado profesorado

3- Exemplo: captura de fío de mensaxes para todo o profesorado de 4º curso de Educación Infantil na aula de coordinación do campus virtual

4- Copia da mensaxe enviada ao profesorado de 4º curso de Educación Infantil acerca do Calendario de traballos (19/09/2022)

Prezado profesorado do 4 curso do Grao en educación infantil:

Dentro do documento marco de funcións das coordinacións de curso establécese a recollida de información sobre a carga de traballos de cada semestre para difundila entre o profesorado.

A través dun documento compartido, do que vos deixo ligazón, cada un de nós podemos ir completando as actividades principais que se van solicitar ao alumnado (entrega de traballos, presentacións orais, exames parciais...).

Esta recollida de información pode ser de utilidade para os e as docentes de cada

semestre, na medida en que permite crear unha visión completa dos prazos e actividades que o alumnado ten que completar. Trátase dunha ferramenta meramente informativa, en ningún caso vai solicitarse a ningún docente que faga modificacións na súa planificación ou que se axuste a outro tipo de actividades. Pero, en caso de que o alumnado solicite algún cambio ou axuste, este calendario permitiría comprobar a carga de traballos dese momento, podendo ser de utilidade a hora de tomar decisións.

Déixovos a continuación a ligazón ao documento compartido, que agardo telo configurado de xeito apropiado para que poidades completar sen problemas. Se non é o caso, agradezo que me avisades.

Apertas e moitas grazas.
Sabela

Ligazón

5- Captura de pantalla da mensaxe enviada ao profesorado de 4º curso de

Coordinación 4º Curso do Grao en Mestre de Educación Infantil (L) [G [2022/2023]

[Inicio](#) / [Os meus cursos](#) / [Curso 2022/2023](#) / [Coordinación](#) / [Coordinación 4º Curso do Grao en Mestre de Educaci...](#)

Navegación

▼ Inicio

Taboleiro

> Páxinas do sitio

▼ Os meus cursos

> Curso 2021/2022

▼ Curso 2022/2023

> Grao

> Posgrao

▼ Coordinación

> **Coordinación 4º**
Curso do Dobre Grao
en Mestre de E...

> **Coordinación 4º**
Curso do Grao en
Mestre de Educaci...

> Participantes

 Cualificacións

> Xeral

> **Coordinación 4º**
Curso do Grao en
Mestre de Educaci...

> **Coordinación 5º**
Curso do Dobre Grao
en Mestre de E...

> **Coordinación Dobre**
Grao en Mestre de

Anuncios

Coordinadora 4º curso do Grao en Mestra/e de Educación Infantil:

Sabela Fernández Monteiro sabela.fernandez.monteira@usc.es

Representantes do alumnado:

- **Delegada:** Raquel Romero Blanco raquel.romero@rai.usc.es
- **Subdelegada:** Carla Casal Picos carla.casal.picos@rai.usc.es

Marcar como feito

Rexistro de actividades transversais, de campo, actividades con profesionais externas, etc.)

Marcar como feito

[Agochar para os alumnos](#)

19 de Setembro

11:23

Prezado profesorado do 4 curso do Grao en educación infantil:

Dentro do documento marco de funcións das coordinacións de curso establécese a recollida de información sobre a carga de traballos de cada semestre para difundila entre o profesorado.

A través dun documento compartido, do que vos deixo ligazón, cada un de nós podemos ir completando as actividades principais que se van solicitar ao alumnado (entrega de traballos, presentacións orais, exames parciais...).

Esta recollida de información pode ser de utilidade para os e as docentes de cada semestre, na medida en que permite crear unha visión completa dos prazos e actividades que o alumnado ten que completar. Trátase dunha ferramenta meramente informativa, en ningún caso vai solicitarse a ningún docente que faga modificacións na súa

Escriba unha mensaxe ...

Educación Infantil acerca do Calendario de traballos

Coordinación 4º Curso do Grao en Mestre de Educación Infantil (L) [2022/2023]

[Inicio](#) / [Os meus cursos](#) / [Curso 2022/2023](#) / [Coordinación](#) / [Coordinación 4º Curso do Grao en Mestre de Educati...](#)

Navegación

- ▾ Inicio
 - 🏠 [Taboleiro](#)
 - > [Páxinas do sitio](#)
 - ▾ Os meus cursos
 - > [Curso 2021/2022](#)
 - > [Curso 2022/2023](#)
 - > [Grao](#)
 - > [Posgrao](#)
 - ▾ [Coordinación](#)
 - > [Coordinación 4º Curso do Dobre Grao en Mestre de E...](#)
 - ▾ [Coordinación 4º Curso do Grao en Mestre de Educati...](#)
 - > [Participantes](#)
 - 📄 [Cualificacións](#)
 - > [Xeral](#)
 - > [Coordinación 4º Curso do Grao en Mestre de Educati...](#)
 - > [Coordinación 5º Curso do Dobre Grao en Mestre de E...](#)
 - > [Coordinación Dobre Grao en Mestre de](#)

Anuncios

Coordinadora 4º curso do Grao en Mestra/e de Educación Infantil:

Sabela Fernández Monteiro sabela.fernandez.monteira@usc.es

Representantes do alumnado:

- **Delegada:** *Raquel Romero Blanco* raquel.romero@rai.usc.es
- **Subdelegada:** *Carla Casal Picos* carla.casal.picos@rai.usc.es

 [Registro de actividades transversais, de campo, actividades con profesionais externas, etc.\)](#)

[Agochar para os alumnos](#)

6- Copia da mensaxe enviada ao profesorado de 4º curso de Educación Infantil acerca da táboa de actividades transversais (21/09/2022)

Prezadas compañeiras, prezados compañeiros con docencia no 4º curso de Infantil.

Veño de engadir á aula de coordinación a táboa de "Registro de actividades transversais, de campo, actividades con profesionais externos, etc".

Prégovos que cubrades esta ficha no caso de que exista algunha actividade ou tarefa interesante que queirades compartir, xa que é importante de cara a procesos de calidade e ao Plan FORTE da Facultade.

Este apartado (oculto para o alumnado) é moi sinxelo de encher e apenas vos levará 5 minutos.

Moitísimas grazzas pola vosa colaboración.

A maiores, queríavos comentar o seguinte:

- quería recoñecer e agradecer a labor levada a cabo polos compañeiros Pablo Muñoz Carril e Paula López Rúa, xa que co seu traballo previo e orientación, facilitan moito a tarefa de coordinación. O mérito da elaboración dos documentos e ferramentas que emprego é deles, xa que simplemente os estou adaptando a este curso 22/23.

- Por outra banda, estou enviándoos esta mensaxe a todas as persoas con rol de docente na aula de coordinación de 4º do Grao de Infantil. Se non vos corresponde a mensaxe, desculpade as molestias.

Saúdos

Sabela

7- Captura de pantalla da mensaxe enviada ao profesorado de 4º curso de Educación Infantil acerca da táboa de actividades transversais

The screenshot shows a Moodle course page. At the top left, there is a navigation menu with the following items: Inicio, Taboleiro, Páxinas do sitio, Os meus cursos, Curso 2021/2022, Curso 2022/2023 (expanded), Grao, Posgrao, Coordinación (expanded), Coordinación 4º Curso do Dobre Grao en Mestre de E..., **Coordinación 4º Curso do Grao en Mestre de Educa...** (selected), Participantes, Cualificacións, Xeral, Coordinación 4º Curso do Grao en Mestre de Educa..., Coordinación 5º Curso do Dobre Grao en Mestre de E..., and Coordinación Dobre Grao en Mestre de. The main content area is titled 'Anuncios' and contains two announcements. The first announcement is from Sabela Fernández Monteiro, the coordinator, regarding the transversal activities table. The second announcement is about the registration of transversal activities. On the right side, there is a chat window from Maria Del Mar Viña Rouco, which contains a message from Sabela. The chat message reads: 'Prezadas compañeiras, prezados compañeiros con docencia no 4º curso de Infantil. Veño de engadir á aula de coordinación a táboa de "Registro de actividades transversais, de campo, actividades con profesionais externos, etc". Prégovos que cubrades esta ficha no caso de que exista algunha actividade ou tarefa interesante que queirades compartir, xa que é importante de cara a procesos de calidade e ao Plan FORTE da Facultade. Este apartado (oculto para o alumnado) é moi sinxelo de encher e apenas vos levará 5 minutos. Moitísimas grazzas pola vosa colaboración. A maiores, queríavos comentar o seguinte: - quería recoñecer e agradecer a labor levada a cabo polos compañeiros Pablo Muñoz Carril e Paula López Rúa, xa que co seu traballo previo e orientación, facilitan'.

Coordinación 4º Curso do Grao en Mestre de Educación Infantil [2022/2023]

[Inicio](#) / [Os meus cursos](#) / [Curso 2022/2023](#) / [Coordinación](#) / [Coordinación 4º Curso do Grao en Mestre de Educa...](#)

Navegación

▾ Inicio

Taboleiro

> Páxinas do sitio

▾ Os meus cursos

> Curso 2021/2022

▾ Curso 2022/2023

> Grao

> Posgrao

▾ Coordinación

> [Coordinación 4º
Curso do Dobre Grao
en Mestre de E...](#)

> **[Coordinación 4º
Curso do Grao en
Mestre de Educa...](#)**

> Participantes

 Cualificacións

> Xeral

> [Coordinación 4º
Curso do Grao en
Mestre de Educa...](#)

> [Coordinación 5º
Curso do Dobre Grao
en Mestre de E...](#)

> [Coordinación Dobre
Grao en Mestre de](#)

Anuncios

Coordinadora 4º curso do Grao en Mestra/e de Educación Infantil:

Sabela Fernández Monteiro

sabela.fernandez.monteira@usc.es

Representantes do alumnado:

• **Delegada:** *Raquel Romero Blanco* raquel.romero@rai.usc.es

• **Subdelegada:** *Carla Casal Picos* carla.casal.picos@rai.usc.es

Marcar como feito

 Rexistro de actividades transversais, de campo, actividades con profesionais externas, etc.)

Marcar como feito

[Agochar para os alumnos](#)

**Anexo II. Revisión dos programas das materias
para o curso 2023-2024**

Grao en Mestre/a en Educación Infantil

Informe de revisión de programas: Curso 2023-2024. Coordinador/a de 1º curso: Alba María Souto					
Código	Nome da materia e docente responsable ou coordinador/a	Todos os campos cubertos en Xescampus	Todos os campos axustados á ficha do programa na Memoria Verificada do Título (MVT)	Elimináronse as referencias aos escenarios 2 e 3 e ao Plan de Continxencia	OBSERVACIÓNS DO PROFESORADO: Indicar campo, cambios suxeridos na Memoria e xustificación dos mesmos
G3131101	Socioloxía da Educación (Marta María Poncet Souto)	SI	SI	SI	<ul style="list-style-type: none"> - Actualización de contidos. - Revisión das competencias e redacción das mesmas. - A metodoloxía de Bolonia é moi difícil , case imposible, poder realizala co elevado número de alumnas/os en determinadas materias como a materia Socioloxía da Educación. - A avaliación individualizada, continua, procesual e sumativa que se propón desde o Espacio europeo de Educación Superior é moi difícil, case imposible de poder realizar debido ao elevadísimo número de alumnas/os en determinadas materias como Socioloxía da Educación.
G3131102	Infancia, Familia e Escola (Francisco Xosé Candia Durán)	SI	NON	SI	<p>O profesorado da materia suxire que os contidos pasen a ter a seguinte redacción (que non cambia substancialmente o sentido dos contidos que figuraban anteriormente):</p> <p>Tema 1. Familia, escola e infancia: tipoloxías e evolución histórica.</p>

					<p>Tema 2. Actividades de orientación e titoría relativas ao escenario familiar na educación infantil.</p> <p>Tema 3. Deseño de plans de acción titorial nos centros de educación infantil e o seu impacto nas familias.</p> <p>Tema 4. A natureza cultural do ser humano. Cultura, sociedade e aprendizaxe.</p> <p>Tema 5. Antropoloxías da infancia e a familia: variabilidade en canto construción socio-cultural.</p> <p>Tema 6. A visión intercultural da infancia, da familia e da escola.</p> <p>No curso 2022-2023 rexistrouse a seguinte necesidade de axuste na ficha da materia: precisaríase axustar minimamente a ponderación das diferentes actividades de avaliación.</p>
G3131103	Psicoloxía do Desenvolvemento (0-3 anos) (Manoel Baña Castro)	SI	SI	SI	NON HAI
G3131104	Teoría e Institucións Contemporáneas de Educación Infantil (non figura docente)	SI	NON	SI	É preciso revisar as competencias incluídas en Xescampus, pois estas deben axustarse á Memoria do Título.
G3131105	Didáctica e Profesión Docente (Eva María Barreira Cerqueiras)	SI	SI	SI	Sería preciso modificar o apartado de 'contidos' da materia, por referirse a cuestións demasiado xeralistas nalgúns casos, sen explicitarse no ámbito da educación infantil. Debería seguirse a liña da formulación realizada no programa da materia. Segundo a valoración do profesorado implicado na materia, os contidos deben xirar en torno ao ámbito da educación infantil, da didáctica e da profesión docente, sendo abordados dende unha perspectiva

						introdutoria (como materia de primeiro curso) xa que se van traballar máis en profundidade noutras materias da titulación. Así, atendendo a todo o anterior, os contidos da ficha deberían ser os seguintes: concepto e enfoques da educación infantil; finalidades e sentido da educación infantil; a profesión docente na actualidade; a formación e o desenvolvemento profesional dos mestres/as de educación infantil; bases curriculares da educación infantil; a práctica docente na educación infantil.
G3131106	Psicoloxía do Desenvolvemento (3-6 anos) (Carlos Dosil Díaz)	NON	SI	SI	SI	O apartado de "Observacións" non está cuberto.
G3131107	Psicoloxía da Educación (María José Fiuza Asorey)	SI	SI	SI	SI	NON HAI
G3131108	Observación e Análise: Suxeitos e Procesos Educativos (Mari Carmen Caldeiro Pedreira)	SI	SI	SI	SI	NON HAI
G3131109	Infancia, Saúde e Alimentación (Lucía Moute Rodríguez)	SI	SI	SI	SI	NON HAI
G3131207	Procesos de Mellora e uso das TIC (Pablo César Muñoz Carril)	SI	SI	SI	SI	NON HAI
INCIDENCIAS (non hai ficha de comprobación da materia, non se adxuntou programa, etc.):						
Non se cubriu o formulario para as seguintes materias:						
- Teoría e Institucións Contemporáneas de Educación Infantil (G3131104): non figura ningún docente en Xescampus.						
Non obstante, procedeuse á revisión do programa a través da Secretaría Virtual.						

Así mesmo, detectáronse as seguintes incidencias:

- Infancia, Familia e Escola (G3131102): é preciso revisar as competencias incluídas en Xescampus, pois estas deben axustarse á Memoria do Título.
- Teoría e Institucións Contemporáneas de Educación Infantil (G3131104): tal e como se indica na táboa, é preciso revisar as competencias incluídas en Xescampus, pois estas deben axustarse á Memoria do Título.
- Psicoloxía do Desenvolvemento (3-6 anos) (G3131106): tal e como se indica na táboa, o apartado de “Observacións” non está cuberto.

Lugo, 25 de maio de 2023

SOUTO
SEIJO ALBA
MARIA -
47437275M

Firmado digitalmente por
SOUTO SEIJO ALBA
MARIA - 47437275M
Fecha: 2023.05.25
09:31:49 +02'00'

Asdo: Alba María Souto Seijo
Coordinadora do 1º curso do Grao de Mestre/a en Educación Infantil e do Dobre Grao

Grao en Mestre/a en **Educación** __Infantil__

Informe de revisión de programas: Curso 2023-2024. Coordinador/a de 2º curso: María del Carmen Gómez Gómez				
Código	Nome da materia e docente responsable ou coordinador/a	Todos os campos cubertos en Xescampus	Todos os campos axustados á ficha do programa na Memoria Verificada do Título (MVT)	OBSERVACIÓNS DO PROFESORADO: Indicar campo, cambios suxeridos na Memoria e xustificación dos mesmos
G3131323	Aprendizaxe de linguas en contextos multilingües (Iván Enríquez Martínez)	SI	SI	NON HAI
G3131110	Dificultades de aprendizaxe e trastornos do desenvolvemento (Santiago López Gómez)	SI	SI	
G3131206	ESCOLA INCLUSIVA E NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS (RICARDO FANDIÑO PASCUAL)	SI	SI	
G3131202	PROXECTOS E INNOVACION EDUCATIVA (MARIA LINA IGLESIAS FORNEIRO)	SI	NO	<ul style="list-style-type: none"> - Os contidos axustanse á memoria pero non coincide a distribución dos temas. Na memoria están demasiado detallados os contidos. Penso que é preferible que na ficha da materia se poñan bloques de contado máis xenéricos e especificar máis no programa. Este ano vou facer unha reorganización dos contidos nos temas e por iso puxen solo o título dos bloques temáticos. Si é preciso especificar máis podo facelo pero resultame algo complicado neste momento. - En canto á metodoloxía penso que sería interesante incluír as prácticas de laboratorio na ficha da memoria. Deste xeito tamén se podería solicitar o cambio da consideración das practicas como prácticas de
G3131203	ORGANIZACION E XESTION DE AULA (MARIA LINA IGLESIAS FORNEIRO)	SI	NO	

				laboratorio.
G3131222	Aprendizaxe da lingua oral (Montserrat Souto Gómez)	SI	SI	
G3131204	Organización e Xestión do Centro Escolar (María del Carmen Gomez Gómez)	SI	SI	
G3131324	Educación Visual e Plástica: Contextos e Procesos Artísticos (Salvador Cidrás Robles)	SI	SI	
INCIDENCIAS (non hai ficha de comprobación da materia, non se adxuntou programa, etc.): No hay ficha ni programa Diseño y desarrollo Curricular G3131201 Observación y análisis: escuela y contexto G3131205				

Grao en Mestre/a en Educación Infantil

Informe de revisión de programas: Curso 2023-2024. Coordinador/a de 3º curso: Montserrat Souto					
Código	Nome da materia e docente responsable ou coordinador/a	Todos os campos cubertos en Xescampus	Todos os campos axustados á ficha do programa na Memoria Verificada do Título (MVT)	OBSERVACIÓNS DO PROFESORADO: Indicar campo, cambios suxeridos na Memoria e xustificación dos mesmos	
G3131322	<i>Iniciación á lectura e á escritura.</i> Ricardo Fandiño Pascual	SI	SI	NON HAI	
G3131325	<i>Música na Educación Infantil.</i> M ^a Ángeles López de la Calle Sampedro	SI	SI	NON HAI	
G3131327	<i>Motricidad Infantil.</i> Pablo García Marín	SI	SI	Observación sobre competencias xa rexistrada en 2022.	
G3131328	<i>Literatura infantil e dramatización.</i> Cristina Martínez Tejero	SI	SI	Observación sobre metodoloxía xa rexistrada en 2022.	
G3131329 G6091301	<i>Prácticum I.</i> Olaya Santamaría Queiruga	SI	SI	NON HAI	
G3131442	<i>Educación e linguas en Galicia.</i> Montserrat Souto Gómez	SI	SI	NON HAI	
G3131447	<i>Educación emocional.</i> María Lina Iglesias Forneiro	SI	SI	NON HAI	
G3131448	<i>Educación en valores e cidadanía.</i> Miguel Ángel Martínez Quintanar	SI	SI	NON HAI	
G3131451	<i>Idioma estranxeiro para a Educación Infantil,</i> Inglés. María del Mar Viña Rouco	SI	SI	NON HAI	
G3131452	<i>Lingua galega para a docencia.</i> Carme Ares Vázquez	SI	SI	NON HAI	
G3131453	<i>Titoría e orientación educativa.</i> Teresa Susana Vázquez Regueiro	SI	SI	NON HAI	

G3131455	Teoloxía católica e a súa pedagogía. David Varela Vázquez	SI	SI	NON HAI
<p>INCIDENCIAS. NON HAI FICHA DAS SEGUINTE MATERIAS: G3131330. <i>Educación estética.</i> Coordinador actual: Xesús Ferreiro Núñez. G3131331. <i>Literatura e arte.</i> Coordinadora actual: María del Rocío García Pedreira.</p>				

Lugo, 24 de maio de 2023

SOUTO
GOMEZ
MONTERRAT -
- 76863633W

Firmado digitalmente
por SOUTO GOMEZ
MONTERRAT -
76863633W
Fecha: 2023.05.24
18:22:55 +02'00'

Asdo. Montserrat Souto Gómez

Coordinadora de 3º curso do Grao en Mestre de Educación Infantil e Dobre Grao

Grao en Mestre/a en **Educación Infantil**

Informe de revisión de programas: Curso 2023-2024.				
Coordinador/a de 4º curso: Sabela Fernández Monteiro				
Código	Nome da materia e docente responsable ou coordinador/a	Todos os campos cubertos en Xescampus	Todos os campos axustados á ficha do programa na Memoria Verificada do Título (MVT)	OBSERVACIÓNS DO PROFESORADO: Indicar campo, cambios suxeridos na Memoria e xustificación dos mesmos
G3131423	Aprendizaxe das Ciencias da Natureza (Sabela Fernández Monteiro)	SI	SI	NON HAI
G3131321	Educación Ambiental e a súa didáctica (Carlos Reigosa)	SI	SI	NON HAI
G3151444	Xogo Infantil (Uxía Garrido Filgueira)	SI	SI	<ul style="list-style-type: none"> - Introducir unha referencia explícita ao "xogo no tempo de recreo escolar". - Retirar a competencia: "Coñecemento instrumental de linguas estranxeiras". Pois non se está traballando.
G3131321	Aprendizaxe da Matemática (Pablo González Sequeiros)	SI	SI	NON HAI
G3131422	Aprendizaxe das Ciencias Sociais (Xosé Ramón Veiga Alonso)	SI	SI	NON HAI

G3151441B	Educación en Contextos Rurais (Francisco Xosé Candia Durán)	SI	NON	NON HAI
G3131445	Deseño e Elaboración de Materiais Didácticos (Mónica Arto Blanco)	SI	NON	- Modificar a ponderación dos diferentes instrumentos de avaliación. Incorporar os materiais elaborados polo alumnado como un instrumento de avaliación específico.
G3131450	Identidade de Xénero e Educación (Mar de Santiago)	SI	SI	NON HAI
G3131463	O Debuxo como Medio (Salvador Cidrás Robles)	SI	SI	NON HAI
G3131464	Proxectos Artísticos (Vicente Blanco)	SI	SI	NON HAI
G3151329	Prácticum II (Olaya Santamaría Queiruga)	SI	SI	NON HAI
G3131424	TFG (Santiago López Gómez)	SI	SI	NON HAI

INCIDENCIAS (non hai ficha de comprobación da materia, non se adxuntou programa, etc.):

Non se cubriu o formulario para as seguintes materias:

- Educación Vocal para Docentes (G3131449).

Non obstante, procedeuse á revisión dos programas a través da Secretaría Virtual.

Así mesmo, detectáronse as seguintes incidencias:

- Educación en Contextos Rurais (G3151441B): tal e como se sinalou no curso 2022-2023 a discordancia entre a MVT e o programa dase no sistema avaliación.
- Deseño e Elaboración de Materiais Didácticos (G3131445): a discordancia entre a MVT e o programa dase no sistema de avaliación.

INFORME DA COORDINACIÓN DE TÍTULO: PRIMARIA E DOBRE GRAO

Curso 2022-2023

MARÍA CAMPOS MAGDALENO

O curso iniciouse sendo a profesora Paula López Rúa a coordinadora de título de ambas titulacións, sendo substituída pola profesora María Campos Magdaleno con efectos do 19 de maio de 2023.

As coordinadoras saínte e entrante manifestan o seu agradecemento ás coordinacións de curso de ambas titulacións pola labor de recollida de datos sobre a marcha dos semestres. Se ben non se rexistraron incidencias salientables, xúntanse en anexos os informes do Grao no ANEXO 1 e a continuación faise unha síntese dos mesmos, así como da información do Dobre Grao incluída nos informes de Infantil.

1. INFORMES DAS COORDINACIÓNS SOBRE A MARCHA DO CURSO ACADÉMICO.

Actividades transversais, prácticas de campo, actividades con profesionais externos e outras actividades de formación e orientación do alumnado.

Recóllense a continuación as actividades rexistradas con data 23 de xuño de 2023 para cada curso das titulacións de Primaria. O alumnado de Dobre Grao comparte materias de Infantil e Primaria, polo que non ten materias propias. Deste xeito, as actividades que realizaron son as mesmas que fai o alumnado destas titulacións segundo o curso que corresponde.

No primeiro curso do Grao de Primaria realizáronse seis actividades: (1) Curso de competencias en información (nivel básico) con 76 matriculados e 41 aptos; (2) Xornadas de Investigación e Divulgación “Didáctica da Filosofía”; (3) Educación en Feminino: un paseo pola historia; (4) I Simposio Internacional de Formación e Innovación Educativa FORINNOVA; (5) Curso de competencias en comunicación oral e escrita para alumnado universitario; e (6) Actos polo gallo do 25N.

No segundo curso do Grao de Primaria realizouse a actividade “Camiñando xunt@s” vencellada a diferentes materias na que se percorreu un tramo do camiño francés para amosar a potencialidade da contorna á hora de desenvolver aprendizaxes interdisciplinarias.

No terceiro curso do Grao de Primaria realizouse unha saída ao parque Rosalía de Castro de Lugo para a elaboración de material didáctico.

No cuarto curso do Grao de Primaria desenvolvéronse cinco actividades: (1) curso de competencias en información (nivel avanzado); (2) Saída de campo no eido da materia

Educación en Contextos Rurais; (3) Seminario con profesional externo de Logopedia; (4) Visita ao Museo Pedagóxico de Galicia e Museo do Pobo Galego; (5) Xornada “Iniciando a miña carreira investigadora”.

Resultado das enquisas de coordinación de curso feitas ao alumnado.

Facilitouse ao alumnado ás ligazóns as enquisas de coordinación de curso a través das páxinas de coordinación de cada curso no Campus Virtual. Estas cubríronse ao remate do primeiro semestre naqueles cursos que logo tiñan Prácticum e TFG, e no mes de maio en todos os cursos. Solicitouse ao alumnado que cubrisen as enquisas de xeito presencial (a través duns minutos cedidos por algún ou algunha docente nas súas sesións), ou ben avisando de que o fixese fóra do horario oficial. Neste último caso, o número de respostas foi considerablemente inferior, chegando a non obter ningunha resposta nalgúns casos. A continuación sintetízanse os resultados obtidos, en canto a participación e grao de satisfacción.

Táboa 1. Número de respostas recollidas na enquisa de satisfacción para cada titulación.

	PRIMARIA	DOBRE GRAO
Primeiro curso	65 respostas	21 respostas
Segundo curso	38 respostas	17 respostas
Terceiro curso	0 respostas	12 respostas
Cuarto curso	Primeiro semestre: 27 respostas Segundo semestre: 16 respostas	Primeiro semestre: 4 respostas Segundo semestre: 3 respostas
Quinto curso		Primeiro semestre: 0 respostas Segundo semestre: 1 resposta

Primeiro curso de Primaria: predomina a opción “bastante satisfeito” e “moi satisfeito” acadando aproximadamente o 90% das respostas en 6 das 9 preguntas. As preguntas onde o alumnado amosa menos satisfacción é con respecto aos horarios, a carga de traballo autónomo e o número, prazos e datas para os traballos, con unha porcentaxe que oscila entre o 35,3% e 55,3% de respostas “nada ou pouco satisfeito”. En observacións sinalan que o ruído xerado polos compañeiros do fondo non lles permite seguir adecuadamente as clases, e que os horarios distribuídos ao longo do día e a carga de traballos dificulta o estudo.

Segundo curso de Primaria: o alumnado está predominantemente satisfeito con 6 das 9 preguntas, agás nos horarios lectivos, carga de traballo autónomo e número, prazos e datas para os traballos, onde baixa a satisfacción. En observacións sinalan a necesidade de concentrar as clases en horario de mañá ou de tarde, pero non mixtos, e que a carga de traballos dificultalles o estudo.

Terceiro curso de Primaria: non se rexistran respostas.

Cuarto curso de Primaria: na enquisa do primeiro semestre o alumnado maniféstase bastante ou moi satisfeito coa meirande parte dos ítems da enquisa, con valores que roldan entre o 78% e 89% das respostas. Amosan menos satisfacción cos horarios e carga de traballo autónomo (45% e 55% nada ou pouco satisfeito respectivamente). Na enquisa do segundo semestre o 94% das respostas indican bastante ou moita satisfacción en canto a organización, posta en marcha e realización do TFG e Prácticum. En observacións sinalan a carga de traballo das últimas semanas de semestre.

Primeiro curso de DG: o alumnado atópase, en xeral, bastante ou moi satisfeito coa maioría dos ítems do cuestionario. Os aspectos onde se rexistra maior proporción de opcións nada ou pouco satisfeito son con respecto aos horarios, carga de traballos e número de traballos. Sinalan que a distribución dos horarios dificulta que poidan aproveitar o tempo para a elaboración de traballos, e que hai días con moita carga lectiva mentres que outros teñen moito tempo libre entre clases.

Segundo curso de DG: o alumnado está bastante satisfeito con case todos os ítems, agás os horarios lectivos e a carga de traballo autónomo. En observacións sinalan a necesidade de distribuír os horarios de forma que lles dea tempo a comer e asistir a outras actividades formativas.

Terceiro curso de DG: o alumnado está xeralmente satisfeito con cinco dos nove ítems. Amosan menos satisfacción cos horarios lectivos, carga de traballo, número de traballos e solapamento de contidos. En observacións sinalan que os horarios distribuídos ao longo do día non son adecuados, e que existe solapamento de contidos entre materias de Infantil e Primaria.

Cuarto curso de DG: os datos recollidos non son representativos pola baixa participación (4 e 3 respostas en cada semestre). Na enquisa do primeiro semestre, a maioría das respostas amósanse bastante ou moi satisfeitas coa meirande parte dos ítems. Aqueles onde existe menos satisfacción é con respecto dos horarios e o solapamento de contidos. No segundo semestre existe tamén satisfacción na meirande parte das preguntas, amosando menor satisfacción na compatibilidade do Prácticum co resto das materias. En xeral, comentan que a dispersión dos horarios dificulta a conciliación.

Quinto curso de DG: unha única resposta de satisfacción xeral, salvo dificultades para compatibilizar Prácticum e dous TFGs.

RESULTADOS XERAIS DAS ENQUISAS: o alumnado atópase en xeral satisfeito con todos os ítems sobre os que se lle pregunta. Aqueles cos que se atopa menos satisfeito son os

horarios (sinalando que a dispersión dificulta a elaboración de traballos e conciliación), o número de traballos e carga de traballo autónomo (sinalando que se acumulan demasiado a finais de semestre dificultado o estudo para o exame).

Con respecto á **carga de traballo autónomo** e do **número de traballos realizados nas materias**, facilitouse ás coordinacións de curso de Primaria e DG (tamén en Infantil) unha ferramenta para recoller e compartir os datos sobre entrega de traballos escritos, presentacións orais, probas (ou exames) parciais e outras actividades. Esta ferramenta, en forma de calendario, púxose a disposición do profesorado de cada curso e título para que puidesen introducir as datas. Agrádecese ao profesorado a súa colaboración e anímase a todo o equipo docente a continuar proporcionando esta información, xa proporciona unha visión conxunta da carga de traballos do alumnado en cada semestre, o que facilita a toma de decisións con respecto de posibles flexibilizacións. Por outra banda, esta ferramenta inclúese dentro dos informes de seguimento dos títulos como na memoria de calidade do centro. Por outra banda, nas reunións de coordinación de curso algúns docentes reflexionan sobre as horas destinadas ao traballo autónomo do alumnado (90 horas en materias de 6 créditos ECTS), e se realmente as e os docentes estamos esixindo que se complete ese número de horas.

En relación aos **horarios**, existen múltiples casuísticas que dificultan unha distribución das horas lectivas máis adecuada ás preferencias do alumnado (falta de espazos, profesorado asociado, falta de representantes do alumnado en Xunta de Facultade...). Por outra banda, sinálase que dispoñer de tempo entre clases pode facilitar a elaboración de traballos (individuais ou en grupo) e que a Facultade pon a disposición diversos espazos habilitados para isto.

Ao longo da semana do 12 de xuño enviouse unha mensaxe a todo o alumnado das titulacións de Primaria e DG (tamén Infantil) a través das aulas virtuais de coordinación. Nela agradecuse ao alumnado a súa participación nas enquisas, e explicábanse en detalle as casuísticas destes tres ítems peor valorados, así como posibles actuacións pola súa parte para mellorar a situación.

Finalmente, cabe destacar que naqueles cursos onde a participación foi baixa ou nula pode interpretarse que o alumnado atópase razoablemente satisfeito, xa que as persoas que adoitan responder son aquelas que teñen algunha queixa ou suxestión. Agrádecese ao profesorado que cedeu uns minutos das súas sesións para que o alumnado completase a enquisa, que proporcionan datos que compren analizarse nos informes de seguimento, acreditación e na memoria de calidade.

Incidencias, comentarios, suxestións, demandas o queixas de profesorado/alumnado.

Primeiro curso de Primaria:

- O alumnado quíxase sobre a distribución dos exames, indicando que están demasiado xuntos, e solicitan máis tempo entre eles. A coordinadora pon en coñecemento esta petición ao equipo decanal. Solicitan tamén ao profesorado que se lles faciliten as cualificacións dos traballos entregados ao longo do semestre.
- O profesorado sinala unha mala actitude do alumnado cara a aprendizaxe, falando durante as sesións de xeito que interrompen as clases, entre outras. Indícase un empeoramento na expresión oral en galego, así como a impuntualidade. Reflexiónase sobre a necesidade de supervisar ao alumnado sen incorrer en ma/paternalismos.
- A coordinadora de curso informa da existencia de problemas para comunicarse coa delegada de curso, xa que non resposta nin da acuse de recibo durante o primeiro semestre.

Primeiro curso do Dobre Grao: o alumnado destaca que, se ben a carga de traballo foi elevada, amósanse satisfeito coa dedicación do profesorado e as aprendizaxes recibidas. Solicitan non ter os exames tan concentrados.

Segundo curso de Primaria e Dobre Grao, o profesorado trasladou as seguintes:

- Debátese sobre a pertinencia da realización de exames antes da data oficial ou parciais. Proporcionáanse argumentos en contra (causa trastornos noutras materias, percíbese tensión entre o alumnado, xera faltas de asistencia...) e a favor (non se producen solapamentos, existen outras probas que puntúan na cualificación final como exposicións orais). O profesor Vicente Blanco Mosquera solicita que se traslade esta cuestión á Xunta de Centro.
- Sinálase a necesidade obrar conforme á normativa referida á *“reunión, manifestación e paro académico”* que figura no Estatuto do Estudante, e solicítase que as persoas encargadas da xestión do centro resolvan as dúbidas sobre a oficialidade ou non dun parón académico (ao que se soe referir como *“folga”* de estudantes).

Terceiro curso de Primaria: non hai.

Terceiro curso do Dobre Grao: o alumnado amosou o seu descontento polo sistema de avaliación empregado polo profesorado substituto en relación ao previamente establecido. Finalmente, coa mediación de Decanato, presentáronse dous sistemas de avaliación alternativos.

Cuarto curso de Primaria e Dobre Grao: ante un comentario na enquisa de satisfacción do alumnado sobre que o alumnado de DG poida elixir antes o centro de Prácticum independentemente da nota media do expediente, infórmase de que teñen preferencia para poder compatibilizar con outras materias.

Quinto curso do Dobre Grao: non hai, salvo un sentir xeral de satisfacción do alumnado deste curso por parte do equipo docente.

2. INFORMES DE REVISIÓN DOS PROGRAMAS 2023-2024

As coordinacións de curso emitiron os informes de revisión dos programas para o próximo curso, labor pola que se agradece a súa participación. Empregáronse os datos dunha ficha de comprobación deseñada ao efecto, que o profesorado cubriu de forma telemática, así como unha táboa-modelo xeral para trasladar a información. Na ficha de comprobación solicitouse ao profesorado verificar que os diferentes apartados do programa estivesen cubertos na aplicación Xescampus e axustados ao especificado na Memoria de Verificación do Título (MVT). Ofreceuse a posibilidade de recoller suxestións de cambio nas fichas das materias da MVT. As táboas-modelo recibidas por parte das coordinacións xúntanse no ANEXO 2. Nos casos nos que as fichas de comprobación en liña non foron cubertas, contactouse co profesorado responsable para informar da incidencia e tratar de solucionarla. No caso de non ser cuberta por non haber docente responsable, contactouse co Departamento correspondente. Agradécese ao profesorado a súa colaboración nesta tarefa.

En liñas xerais, os programas das materias cumpren coa normativa de programación e axústanse ao especificado nas fichas das materias na MVT. Rexístranse incidencias menores, fundamentalmente a necesidade de actualizar as fichas na MVT e a falta de programas publicados en inglés. As suxestións de cambio nas fichas da MVT foron recollidas no correspondente rexistro de cambios para expoñerse en Comisión Intercentros no momento no que se aborde unha modificación.

3. INFORME DE SEGUIMIENTO

Ao longo do segundo semestre elaborouse o Informe de Seguimento das Titulación, que xa foron presentadas en Xunta de Facultade con data do 3 de xuño de 2023.

Lugo, a 7 de xullo de 2022.

Asdo: María Campos Magdaleno.

Coordinadora do Título de Primaria e Dobre Grao.



ANEXO I

INFORMES DAS COORDINACIÓNS DE CURSO SOBRE A MARCHA DO CURSO ACADÉMICO 2022-2023

RESUMO DE XUNTANZA DE COORDINACIÓN DO PRIMEIRO CURSO DO GRAO EN MESTRE/A EN EDUCACIÓN PRIMARIA

Lugar: Facultade de formación de Profesorado, aula 28.

Data: xoves 1 de xuño de 2023

Hora de inicio e de finalización: 12:30h- 14:00h.

Asistentes: María José Fiuza Asorey, Pablo César Muñoz Carril, Paula Rodríguez Abruñeiras, Uxía Garrido Filgueira, Francisco Xosé Candia Durán, María Campos Magdaleno.

Xustifica ausencia: Delmiro Rocha Álvarez, José Ramón Veiga Alonso, Iván Enriquez Martínez, María Carmen Caldeiro Pedreira, Manoel Baña Castro, Marcos Mecías Calvo.

Asistentes invitadas: Marta María Poncet Souto e Alba María Souto Seijo.

Orde do día:

1. Informe anual de coordinación.
2. Rolda aberta de intervencións.

A coordinadora do primeiro curso do Grao en Mestre/a de Educación Primaria expón o informe anual de coordinación (recollido máis abaixo). Os comentarios dos asistentes en cada un dos puntos do informe quedan recollidos no punto 5 "Outras observacións ou comentarios".

Apróbase o resumo da xuntanza por asentimento dos asistentes.

Lugo, a 12 de xuño de 2023.

Firmado por CAMPOS MAGDALENO,
MARIA (FIRMA) el día
12/06/2023 con un certificado
emitido por AC DNIE 006

Asdo: María Campos Magdaleno.

INFORME DE COORDINACIÓN DE CURSO

2022/2023

Primeiro curso do Grao en Mestre/a de Educación Primaria

Coordinadora: María Campos Magdaleno

1. ACTIVIDADES TRANSVERSAIS, PRÁCTICAS DE CAMPO E ACTIVIDADES CON PROFESIONAIS EXTERNOS DESENVOLVIDAS DURANTE O CURSO.

No **Anexo I** deste documento atópanse as actividades transversais, prácticas de campo, ApS, charlas con profesionais externos, etc. que foron realizadas e rexistradas polo profesorado ao longo do curso. Recóllense un total de seis actividades: (1) Curso de competencias en información (nivel básico), cuxo responsable foi o director da biblioteca César Gómez; (2) Xornadas de Investigación e Divulgación “Didáctica da Filosofía”, cuxo responsable foi o profesor Delmiro Rocha; (3) Educación en Feminino: un paseo pola historia, cuxo responsable foi o profesor Francisco Candia; (4) I Simposio Internacional de Formación e Innovación Educativa (FORINNOVA), cuxo responsable foi o profesor Pablo César Muñoz; (5) Curso de competencias en comunicación oral e escrita para alumnado universitario, elaboración de documentos escritos con calidade académica, cuxo responsable foi o profesor Francisco Candia; e (6) Actos organizados co gallo do 25N, cuxo responsable foi o profesor Francisco Candia. Os resultados informados son, en xeral, positivos.

2. RESULTADOS DO CUESTIONARIO DE COORDINACIÓN DE CURSO CUBERTO POLO ALUMNADO

O día 28 de maio enviouse unha mensaxe a través do Campus Virtual de Coordinación informando ao alumnado da apertura da enquisa de satisfacción, solicitando a súa participación. Fíxose un recordatorio o día 1 de abril de 2023 a través da mesma plataforma, e solicitouse á delegada que enviase un recordatorio a través do grupo de *Whatsapp* do curso. O día 3 de maio de 2023 a profesora María Campos Magdaleno cedeu uns minutos das sesións interactivas da materia Psicoloxía do Desenvolvemento 6-12 para que o alumnado cubrixe a enquisa. Un total de 65 alumnas e alumnos responderon á mesma. Os resultados extraéronse o mércores 17 de maio.

No **Anexo II** deste documento atópase o resumo dos resultados do cuestionario de coordinación de curso cuberto polo alumnado. Esta información enviouse ao profesorado do primeiro curso o día 19/05/23 por se consideran pertinente realizar algún comentario.

A. Síntese dos resultados.

- O número de persoas que cubriron o cuestionario aumentou con respecto do curso anterior, pasando de 48 a 65.
- Tal e como pode observarse na táboa, a opción de “bastante satisfeito” é aquela que maior porcentaxe de respostas obtén na maioría das preguntas.

- En 6 das 9 preguntas formuladas ao alumnado, as opcións “bastante satisfeito” e “moi satisfeito” aproxímanse ao 90% das respostas. Concretamente nas seguintes: (1) número de alumnos nas sesións; (2) espazos para a docencia; (3) recursos técnicos para a docencia; (4) coordinación entre docentes nas materias con máis dun profesor; (5) adecuación aos contidos, metodoloxía e avaliación; e (6) solapamento dos contidos.
- As preguntas nas que se amosa menos satisfacción son (1) horarios lectivos, co 55,3% de respostas “nada ou pouco satisfeito”; (2) carga de traballo autónomo, co 35,3% de respostas “nada ou pouco satisfeito”; e (3) número de traballos realizados, prazos e datas de presentación, co 38,45% de respostas “nada ou pouco satisfeito”.

B. Observacións do profesorado

O profesor Manoel Baña Castro responde co seguinte comentario:

“Bon día, entendo que nos vemos en breve para falar desas respostas e tamén do alumnado, os móbiles, as súas demandase os dous deportes favoritos deles nos últimos anos onde o esforzo e o interese non forman parte deles (falo por unha maioría porque si que hai moi bon alumnado entre eles e elas).

Gustaríame lembrar tamén a liberdade de cátedra, un dereito conseguido no exercicio profesional e a autoridade educativa, algo que reivindicaban eles e elas no momento que pisan as aulas como profesionais.

Gustaríame falar tamén do seu protagonismo en todo iso que reivindicaban e fundamental no seu desenvolvemento tanto persoal como profesional por algo que coñecemos como autodeterminación e o seu compromiso co funcionamento das aulas que parece que evitan así como o de cubrir compañeiros, a convivencia cos móbiles, tablets, portátiles, o estar falando continuamente, o queixarse do traballo...”

Non se envía ningunha resposta ao alumnado, por non consideralo pertinente.

3. SUXESTIÓNS, DEMANDAS OU QUEIXAS DE PROFESORADO / ALUMNADO.

O alumnado quéixase á coordinadora de curso sobre a distribución dos exames. Indica que están demasiado condensados en pouco tempo, o cal os prexudica á hora de estudar. Solicitan unha distribución dos exames con máis tempo entre uns e outros, así como evitar exames en días consecutivos.

Quéixanse tamén de que nalgúns materias non reciben as cualificacións parciais (por exemplo, nota obtida nas interactivas, nos informes escritos...), piden maior información ao profesorado neste sentido.

Un alumno de dispensa quéixase pola falta de resposta aos correos electrónicos por parte dalgún docente, solicitando a axuda da coordinadora para contactar con eles.

A coordinadora de curso informa da existencia de problemas para manter unha comunicación adecuada e bidireccional coa delegada de curso durante os primeiros meses lectivos. A delegada parece ignorar as mensaxes enviadas, de forma que para

obter resposta pola súa parte é preciso insistir. Despois de varias situacións similares, a coordinadora ofrécelle a posibilidade de abandonar as funcións de voceira a favor da subdelegada. A delegada descúlpase e informa que quere seguir como representante. A partir dese momento, a comunicación comeza a ser fluída e adecuada.

4. RESUMO DAS REUNIÓNS COMUNICACIÓNS MANTIDAS CON ALUNADO E PROFESORADO.

A. Xornada de acollida.

O día 5 de setembro de 2022 realizouse a xornada de acollida do alumnado, organizada e posta en marcha polo Vicedecano Santiago López Gómez, e destinada ao alumnado de primeiro curso da titulación. Tratáronse diversos temas que o alumnado debe coñecer sobre o funcionamento da Facultade e da Universidade: servizos, espazos, normativa básica, coordinacións, horarios, agrupamentos... e resolvéronse as dúbidas que xurdiron. A actividade transcorreu sen incidencias, todo o material empregado colgouse no Campus Virtual de Coordinación.

B. Elección de delegada e subdelegada.

O día 7 de setembro de 2022 enviouse unha mensaxe a través do Campus Virtual de Coordinación do primeiro curso informando ao alumnado da necesidade de escoller representante. Habilitouse un foro na Aula Virtual para que o alumnado para presentar candidaturas, onde se presentaron seis persoas. Habilitouse un cuestionario en Forms para realizar a votación. Finalmente, a alumna LUCÍA TOSAR QUINTERO foi elixida como delegada con 16 votos, e ZAIRA MÉNDEZ TEIJEIRO como subdelegada con 7 votos.

Feita a elección de delegada, a coordinadora suxírelle a creación dun grupo de Whatsapp do curso, ao cal informa que xa está creado e que todas as persoas do curso que mostraron a súa vontade de participar no mesmo, incluídas.

C. Información sobre dúbidas, queixas, suxestións e incidencias do primeiro semestre.

Ao finalizar o primeiro semestre, a coordinadora solicitou ao alumnado e profesorado que comunicase incidencias, queixas, comentarios ou suxestións.

Profesorado:

- a. A profesora María Fiuza informa dun empeoramento destacable nas actitudes do alumnado cara o aprendizaxe, que ven observando nos últimos cursos. Resulta difícil que permanezan atentos ou que non falen en pequenos grupos, conseguindo superar a voz da docente. Aproveitan as clases para realizar actividades doutras materias, alegando que poden facer dúas cousas a vez.
- b. O profesor Franciso Candia informa que percibe un empeoramento da competencia de expresión oral fluída en galego, o que acentúa a necesidade do profesorado de vincularse ao programa Competentes. Informa tamén da impuntualidade do alumnado, algunhas veces reforzada pola transixencia de

parte do profesorado neste comportamento, e sinala a posibilidade de tomar algunha decisión conxunta de Facultade.

Alumnado:

A delegada informa de dúbidas sobre a importancia das faltas non xustificadas, xa que cada docente ten maneiras distintas de puntualas. Indica que isto foi fonte de confusión e que houbo alumnas/os que perderon parte da puntuación nalgunha materia. Solicita que o profesorado lembre ao alumnado o peso que ten a asistencia ás sesións presenciais vinculadas a súa materia.

D. Informe final da delegada sobre a marcha do curso.

O día 17 de maio de 2023 a coordinadora solicita a delegada a elaboración dun informe onde recolla as percepcións propia e do resto do alumnado con respecto da marcha do curso, as materias e a docencia recibida. O documento achegado pode consultarse no **Anexo III** deste documento.

En xeral, fai unha valoración positiva do curso, se ben informa de certas dificultades nos exames ou no sistema de avaliación (número de preguntas para superar o exame, redacción e dificultades de comprensión das mesmas...).

E. Informe de carga de traballos dos semestres.

No **Anexo IV** deste documento atópase o calendario cuberto polo profesorado do primeiro curso do GMEP sobre a carga de traballos de ambos semestres. Este documento foi de utilidade para o profesorado a hora de flexibilizar as datas de entrega.

F. Outras comunicacións.

Ao longo do curso empregouse o foro do Campus Virtual de Coordinación para informar de actividades, incidencias e solicitudes ao alumnado. Ofreceuse información sobre Curso Básico en Competencias da Información, sobre o Simposio Forinnova, sobre unha charla-concienciación sobre violencia de xénero, sobre as Xornadas de Didáctica da Filosofía, etc. Solicitouse cubrir distintas enquisas de satisfacción, facilitouse a normativa sobre cambios de grupo e o protocolo de cambio de nome e mención relativa ao sexo, entre outros avisos e notificacións.

Para as cuestións urxentes, solicitouse á delegada que informase a través do grupo de *Whatsapp* do curso, por exemplo, suspensión puntual de clases por enfermidade do profesorado.

Tamén se difundiu información entre o profesorado do primeiro curso, esta vez a través dunha listaxe de correo electrónico. Algunhas das comunicacións incluíron a solicitude de participación nunha enquisa sobre *sexting* e *sextorsión* no ámbito universitario solicitada pola profesora Cristina Varela, información sobre o curso de competencias comunicativas orais e escritas do profesor Francisco Candia, entre outras. Do mesmo xeito, solicitouse ao profesorado que cubrise os calendarios sobre actividades docentes, así como a información relativa a ApS, actividades transversais, etc.

5. OUTRAS OBSERVACIÓNS OU COMENTARIOS

En relación ao punto 3, a profesora Marta Poncet recorda a importancia de continuar cubrindo o calendario de carga de traballos no próximo curso 23-24, xa que constitúe unha ferramenta de utilidade para a organización dalgunhas actividades docentes. A coordinadora recorda que o calendario está cuberto con información de todas as materias do primeiro e segundo semestre, e que recoller a información non implica necesariamente que o profesorado teña que facer modificacións nas entregas. Xérase un debate sobre a utilidade desta ferramenta, con posicións a favor e en contra de empregala para flexibilizar as entregas. Finalmente acórdase que se continuará recollendo esta información o próximo curso para que as e os docentes poidan empregala, ou non, segundo cada quen considere convinte.

A profesora Uxía Garrido indica que foi unha sorpresa desagradable ver que o 42% do alumnado da súa materia (Fundamentos da Educación Física) non a superase en primeira convocatoria. Indica que estes resultados poden deberse a que deixaron o estudo da materia para o último momento (posto que o día anterior tiveron outro exame), a progresiva falta de asistencia ás sesións expositivas, e a que durante as mesmas é habitual ver ao alumnado facendo cousas alleas á materia.

A profesora María Campos informa de problemas na actitude do alumnado da súa materia (Psicoloxía do Desenvolvemento 6-12), onde moitas sesións expositivas estiveron marcadas por unha actitude reprobable por parte do alumnado. Un pequeno grupo reiterou comportamentos como falar en voz alta, risas, conversas entre diferentes filas de cadeiras, etc. que interferiu significativamente no correcto desenvolvemento das sesións. Este pequeno grupo foi chamado á orde repetidamente e invitado a abandonar a clase en tres ocasións, todas elas ignoradas. A situación volveuse insostible en momentos, onde outros compañeiros pediron silencio, e onde a profesora tivo que repetir parte dos contidos en titorías xa que o alumnado asistente non puido escoitar as explicacións.

O profesorado asistente á xuntanza intervén para amosar empatía ante a situación vivida pola profesora, proporcionando recomendacións e propostas que poden ser útiles en caso de repetirse estas situacións. Xérase, tamén, un debate en torno a obrigatoriedade de asistir as sesións programadas, sobre figura de autoridade do persoal docente, e sobre as posibilidades de actuación en caso de invitar a un alumno ou alumna a abandonar a sesión por mal comportamento, e que este ignore a petición. A coordinadora comprométese a buscar máis información ao respecto e a compartila co resto do profesorado.

A profesora Uxía Garrido aborda a cuestión do calendario de exames e da insatisfacción xeral do alumnado coas datas. Acórdase trasladar este sentir directamente a vicedecanato e informar ao alumnado a través de Campus Virtual que se transmitiron as súas inxenuidades.

O profesor Francisco Candia manifesta que hai ocasións onde a supervisión do alumnado se converte en paternalismo ou tutela por parte do persoal docente, e que isto pode contribuír a que se den situacións pouco adecuadas nun contexto universitario. Manifesta a necesidade de non transixir nalgunhas actitudes, comportamento e incumprimento de normas, por exemplo, a impuntualidade, entre outras.

ANEXO I

ACTIVIDADES TRANSVERSAIS, APS, CHARLAS CON PROFESIONAIS EXTERNOS, PRÁCTICAS DE CAMPO, ETC., REXISTRADAS AO LONGO DO CURSO

Data de inicio da actividade:	1 de Outubro de 2022
Data de finalización da actividade:	31 de Outubro de 2022
Duración da actividade:	Un mes
Tipo de actividade:	Actividade transversal
Responsable:	César Gómez- Director da Biblioteca
Nome da actividade:	Curso de competencias en información (nivel básico)
Materia/s vinculada/s:	Todas
Breve descrición:	<p>Este curso está deseñado para que o alumnado acade os seguintes obxectivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Recoñecer a importancia das competencias dixitais. Xestionar o tempo de estudo. • Coñecer os recursos de información e servizos da BUSC e os recursos TIC da USC. • Necesidade de información. Buscar e avaliar a información. • Avaliar os recursos. Almacenar e organizar a información. • Facer un traballo académico (metodoloxía científica, uso ético da información). • Editar contidos dixitais, presentar traballos e empregar a nube.
Valoración da actividade (utilidade, participación do alumnado, eficacia...):	Número de alumnas e alumnos matriculados: 76. Número de aptas/os: 51.

Data de inicio da actividade:	21 de Decembro de 2022
Data de finalización da actividade:	21 de Decembro de 2022
Duración da actividade:	2 horas
Tipo de actividade:	Outro tipo de actividade
Responsable:	Delmiro Rocha Álvarez
Nome da actividade:	Xornadas de Investigación e Divulgación "Didáctica da Filosofía"
Materia/s vinculada/s:	Infancia, Familia e Escola

Breve descrición:	<ul style="list-style-type: none"> Xornada de investigación e divulgación sobre didáctica da filosofía. Dirixida tanto ao alumnado como ao profesorado, a xornada consta de tres ponencias, a presentación de un libro e un debate aberto.
Valoración da actividade (utilidade, participación do alumnado, eficacia...):	Valoración positiva pola alta asistencia do alumnado e polas achegas para a reflexión contemporánea da didáctica da filosofía.

Data de inicio da actividade:	6 de Febreiro de 2023
Data de finalización da actividade:	6 de Marzo de 2023
Duración da actividade:	Un mes
Tipo de actividade:	Proxecto de Aprendizaxe-Servizo
Responsable:	Francisco Xosé Candia Durán
Nome da actividade:	Educación en feminino: un paseo pola historia
Materia/s vinculada/s:	G3151103 Teoría e Historia da Educación Escolar
Breve descrición:	<p>No marco da materia indicada (de 1º semestre e 1º curso do Grao de Primaria e do Dobre Grao), desenvolvemos por sexto ano consecutivo a iniciativa "Educación en feminino: un paseo pola historia", premiada hai tres anos pola USC como iniciativa docente innovadora no eido da igualdade de xénero. Na materia en cuestión o alumnado prepara catro exercicios diferentes sobre diferentes educadoras do pasado ou do presente, traballo que conclúe cunha exposición de paneis sobre esas figuras pedagóxicas, que na presente edición consta de 39 pósters que glosan as excelencias pedagóxicas de máis de medio cento de educadoras de diferentes épocas e xeografías, aínda que a maioría sexan galegas e españolas dos últimos 150 anos.</p> <p>A colección de pósters, unha vez remate o período de exposición de un mes na nosa Facultade, viaxará a outras entidades que se interesan por ela (bibliotecas, centros socioculturais, facultades, institutos etc.) ás que llela cedemos gratuitamente coa intención de favorecer desde a universidade un servizo desinteresado do que se poida</p>

	beneficiar a poboación (perspectiva de aprendizaxe-servizo).
Valoración da actividade (utilidade, participación do alumnado, eficacia...):	Para o alumnado implicado, moi importante para a materia en cuestión. Para a sociedade tamén, pois pon en valor o labor, moitas veces minorizado ou directamente ocultado, das mulleres educadoras ao longo da historia, e en calquera contexto xeográfico ou cultural.

Data de inicio da actividade:	27 de Outubro de 2023
Data de finalización da actividade:	27 de Outubro de 2023
Duración da actividade:	10 horas
Tipo de actividade:	Actividade transversal Outro tipo de actividade
Responsable:	Pablo César Muñoz Carril
Nome da actividade:	I Simposio Internacional de Formación e Innovación Educativa (FORINNOVA)
Materia/s vinculada/s:	Todas, especialmente as vinculadas coa área de Didáctica e Organización Escolar
Breve descrición:	<p>FORINNOVA (Simposio de Formación e Innovación Educativa)</p> <p>https://forinnova.net</p> <p>Tipo de actividade: trátase dun ciclo de conferencias e mesas redondas que versaron sobre a temática da formación e innovación educativa. Contou con ponencias de ata 12 profesionais e expertos/as de relevancia. O Simposio tivo como eixo vertebrador as diferentes etapas educativas; especialmente de infantil e primaria, así como ensino superior. Organizadores: Facultade de Formación do Profesorado da USC, Grupos de Investigación MESTURA e GEFIL da USC. Universidad Federico Hernández y Carvajal (República Dominicana), Universidad de Playa Ancha (Chile).</p> <p>Colaboracións: este I Simposio de Formación e Innovación educativa contou coa colaboración de importantes entidades radicadas en Lugo e outras a nivel nacional e internacional. Entre as mesmas, destacamos o Centro Asociado da UNED de Lugo, a Asociación educativa lucense Nenea, Centro de</p>

	<p>Formación e Recursos de Lugo , o Fórum Europeo de Administradores da Educación (FEAE - http://feae.eu) as empresas Maxina e Anthology, a Deputación e o Concello de Lugo, entre outras.</p> <p>Compre destacar tamén o amplo número de investigadores e expertos/as que forman parte do Comité Científico, cuxa labor resultou moi importante a nivel de asesoramento académico e científico. En concreto, formaron parte destes comités académicos de Universidades de España, Costa Rica, Países Baixos, Reino Unido, Portugal, República Dominicana, Ecuador, Colombia e República Checa.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Asistentes: O número de inscritos PRESENCIAIS ao <i>I Simposio de Formación e Innovación Educativa</i> foi de un total de 197 persoas. <p>Asemade, asistiron virtualmente ao evento, a través de Microsoft TEAMS, un total de 107 persoas.</p> <p>O perfil dos asistentes inscritos foi o esperado, a saber:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Alumnado do Grao de Mestre/a en Educación Infantil - Alumnado de Grao de Mestre/a en Educación Primaria - Alumnado de Dobre Grao de Mestre/a en Educación Infantil e Primaria - Alumnado de programas de Doutoramento en Educación - Profesorado universitario da USC - Profesorado universitario doutras universidades
--	--

	<ul style="list-style-type: none"> - Profesorado de etapas educativas non universitarias - Outros profesionais do eido educativo
Valoración da actividade (utilidade, participación do alumnado, eficacia...):	Co fin de coñecer a percepción dos asistentes presenciais ao Simposio, creouse un formulario para coñecer a súa opinión e que valorasen de xeito voluntario o evento. Os resultados obtidos foron moi positivos, polo que se está a pensar nunha posible segunda edición do Simposio que se divida en varios días, xa que a maior parte dos asistentes consideran que foi unha xornada moi intensiva.

Data de inicio da actividade:	15 de Setembro de 2022
Data de finalización da actividade:	13 de Outubro de 2022
Duración da actividade:	6 horas, durante a segunda quincena de setembro e a primeira quincena de outubro
Tipo de actividade:	Actividade transversal
Responsable:	Francisco Xosé Candia Durán
Nome da actividade:	Curso de competencias en comunicación oral e escrita para alumnado universitario. Elaboración de documentos escritos con calidade académica
Materia/s vinculada/s:	G3151103 Teoría e Historia da Educación Escolar
Breve descrición:	<ul style="list-style-type: none"> - A corrección de textos e os criterios de calidade na comunicación escrita. - Recursos e materiais dixitais de apoio para a elaboración de documentos escritos e de presentacións dixitais de calidade. - Resolución de dúbidas gramaticais frecuentes e problemas lingüísticos nos documentos escritos. Exemplos para practicar. - Bibliografía, citación e referenciación de fontes bibliográficas.

	<ul style="list-style-type: none"> - Os traballos académicos: apartados constituíntes e condicións formais de presentación en formato físico ou dixital. - Pautas para o aforro e a eficiencia dos recursos empregados na elaboración de traballos escritos. - Criterios de calidade na comunicación oral diante dun público. Preparación de intervencións orais.
Valoración da actividade (utilidade, participación do alumnado, eficacia...):	Valórase nas diferentes materias a través das producións escritas presentadas polo alumnado e das súas intervencións/exposicións orais nas clases.

Data de inicio da actividade:	16 de Novembro de 2022
Data de finalización da actividade:	1 de Febreiro de 2023
Duración da actividade:	A organización dos actos foi realizada polo alumnado (agrupado por equipos de traballo abertos) nos seus tempos libres, durante as dúas últimas semanas de novembro
Tipo de actividade:	Outro tipo de actividade
Responsable:	Francisco Xosé Candia Durán
Nome da actividade:	Actos organizados co gallo do 25N, Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres
Materia/s vinculada/s:	G3151103 Teoría e Historia da Educación Escolar
Breve descrición:	<p>Co impulso e coordinación do profesor da materia, o alumnado de THEE ideou, preparou e desenvolveu unha serie de actividades co gallo do 25N, DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES; a saber:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Charla sobre a violencia de xénero desde dentro, a cargo dunha vítima ("Ponlle fin para ter un principio"). Salón de actos da Facultade, 24/11/2022. 2. Gran mural sobre violencia de xénero (con nomes de vítimas, frases certeiras, pegadas de mans, reflexións etc.) elaborado colectivamente durante as dúas últimas semanas de novembro a través da participación de calquera persoa da

	<p>Facultade, e colocado no vestíbulo principal de entrada da Facultade ata 01/02/2023.</p> <p>3. Elaboración durante as dúas últimas semanas de novembro de 20 carteis diferentes, con citas sobre violencia de xénero, frases con micromachismos, referencias a mulleres vítimas de violencia de xénero etc. Foron colocados nos corredores da Facultade ata 01/02/2023.</p> <p>4. Preparación dun espazo con lazos violeta no vestíbulo principal da Facultade durante as dúas últimas semanas de novembro, para que os poidan coller (e colocar nas lapelas) persoas que pasen por diante.</p> <p>5. Redacción dun manifesto para lectura durante o acto que, en representación da Facultade e coa colaboración da súa Comisión de Xénero, realizamos ás 12:00 horas (como os restantes centros da USC) nas escaleiras do centro o 25N, para honrar as vítimas do machismo, conmemorar o sentido deste día e renovar o compromiso da comunidade universitaria da Facultade de Formación do Profesorado pola igualdade e contra a violencia, con minuto de silencio e fotografía posterior.</p> <p>6. Creación de lemas para lanzar a viva voz no acto de homenaxe polo 25N, tras a lectura do manifesto.</p> <ul style="list-style-type: none"> • 7. Animación a todo o alumnado e profesorado da Facultade a vir vestid@s de negro (ou escuro, de non poder ser negro) o 25N.
<p>Valoración da actividade (utilidade, participación do alumnado, eficacia...):</p>	<p>O valor de que a idea, a preparación e o desenvolvemento de todas e cada unha das actividades que se puxeron en marcha tivera como protagonista principal o alumnado (o profesor procurou simplemente mobilizar, impulsar, coordinar), ofrece un valor pedagóxico relevantísimo, e posibilita que alumnas e alumnos vivencien en primeira persoa e con pegada</p>

	<p>experiencial, unha serie de valores e comportamentos na senda da igualdade real e na da eliminación de estereotipos e discriminacións por xénero que (é o que desexamos) haberán de ter impacto no seu futuro vital e no seu desempeño profesional como mestras e mestres dentro duns anos.</p> <p>A actividade, realizada por segundo ano consecutivo, goza do aprecio do alumnado, sobre todo do feminino. Alumnas e alumnos apúntanse voluntariamente á organización das actividades que pretenden chamar a atención de toda a comunidade universitaria da Facultade en referencia á lacra da discriminación que perpetra o machismo na sociedade de diferentes maneiras, desde leves insinuacións ata o asasinato de mulleres e outras vítimas vicarias.</p> <p>Considerando a formación pedagóxica que recibe, pero sobre todo o eido de profesionalización futura do noso estudiantado (cando exerzan como mestras e mestres das futuras xeracións), o feito de ir construíndo xa agora unha conciencia cívica crítica respecto da violencia machista é un compromiso que a Facultade non pode obviar.</p> <p>Precisamente como se trata dun asunto con resonancias educativas pero tamén persoais, o alumnado adoita implicarse moi activamente, propoñendo ideas e procurando materializalas para que estean listas para o 25N, pero tamén para transmitir que todas as datas deberían ser días de reivindicación 25N.</p>
--	---

ANEXO II

RESULTADOS DA ENQUISA DE COORDINACIÓN PARA O ALUMNADO

ASPECTOS AVALIABLES	GRAO DE SATISFACCIÓN			
	NADA	POUCO	BASTANTE	MOITO
1.- Número de alumnos/as nas sesión expositivas, interactivas e titoriais (xustificar nas observacións)	NADA 0%	POUCO 6,15%	BASTANTE 73,84%	MOITO 20%
OBSERVACIÓNS Destácase a distribución desigual de asistencia de alumnado nas materias. Naquelas nas que non se controla asistencia, acode moi pouca xente. Naquelas nas que si se controla asistencia, acode moito alumnado que se pon a falar, xogar co móbil... o que dificulta o seguimento do alumnado que realmente está interesado nos contidos das sesións.				
2.- Espazos para a docencia	NADA 0%	POUCO 9,23%	BASTANTE 78,46%	MOITO 12,3%
OBSERVACIÓNS O alumnado destaca que os espazos son pequenos e, nalgúns casos, incómodos; pero que cumpren coas necesidades básicas.				
3.- Recursos técnicos para a docencia	NADA 0%	POUCO 4,61%	BASTANTE 75,38%	MOITO 20%
OBSERVACIÓNS Non significativas.				
4.- Horarios lectivos	NADA 10,76%	POUCO 44,6%	BASTANTE 33,84%	MOITO 10,76%
OBSERVACIÓNS O alumnado destaca que o horario está demasiado repartido ao longo do día, o que dificulta sobre todo a elaboración de traballos en grupo e a asistencia para aqueles que non residen en Lugo. Sinalan a preferencia de que as clases estean máis concentradas durante a mañá ou a tarde.				
5.- Carga de traballo autónomo das materias fóra da aula	NADA 7,69	POUCO 27,69%	BASTANTE 56,92%	MOITO 7,69%
OBSERVACIÓNS A maioría sinala percepción de exceso de carga de traballo, o que dificulta o estudo das materias. Puntualmente, sinalábase que a maior parte das tarefas realizáanse nas aulas, o cal facilita o traballo.				
6.- Número de traballos realizados nas materias, prazos para a preparación e datas de presentación	NADA 4,61%	POUCO 33,84%	BASTANTE 52,3%	MOITO 9,23%
OBSERVACIÓNS O alumnado reitera a percepción de exceso de carga de traballo, se ben indica que o profesorado en ocasións flexibilizou as datas de entrega, o que facilitou a entrega das tarefas.				
7.- Coordinación entre docentes nas materias con máis dun profesor/a	NADA 3,07%	POUCO 7,69%	BASTANTE 58,46%	MOITO 30,76%
OBSERVACIÓNS Un único comentario sinala a excelente coordinación.				
8.- Adecuación dos contidos, metodoloxía e avaliación ao especificado nos programas e guías docentes	NADA 1,53%	POUCO 9,23%	BASTANTE 72,3%	MOITO 16,92%
OBSERVACIÓNS Sinalan que nunha materia os contidos non son os que se deberían impartir, que son pouco claros, e que as explicacións difíciles de seguir.				
9.- Solapamentos de contidos entre materias, ou dentro da mesma materia impartida por máis dun profesor/a (xustificar nas observacións)	NADA 1,53%	POUCO 9,23%	BASTANTE 75,38%	MOITO 13,84%
OBSERVACIÓNS Sinalan unha materia onde se repiten os contidos ou non se explica o suficiente.				
OBSERVACIÓNS XERAIS So se recollen dous comentarios, un onde se fai unha chamada a empatizar co alumnado en canto ao volume de traballo, e outro onde se indica que o volume de traballo é abundante pero necesario.				

ANEXO III

INFORME DA DELEGADA SOBRE A MARCHA DO CURSO
GRAO MESTRE/A EDUCACIÓN PRIMARIA
FACULTADE DE FORMACIÓN DE PROFESORADO
CURSO 2022/2023

En el curso 2022/2023 fui elegida como delegada. Este cargo conlleva responsabilidades y una de ellas es redactar este pequeño informe, en el cual intentaré abarcar una visión general sobre el curso, además de posibles aspectos negativos y positivo. Para ello, me apoyaré también sobre la opinión de mis compañeros y compañeras de la que, como delegada, soy totalmente consciente.

Sobre la visión general, y desde mi opinión en este caso, debo decir que me ha parecido en general muy buena. Han habido pocos altercados y creo que la mayoría de compañeros y compañeras estamos de acuerdo con nuestras cualificaciones, acordes a lo trabajado. Obviamente, existen excepciones de las que hablaré más tarde. La gestión de la universidad, las actividades ofertadas, la organización de las clases o los tiempos de examen, entre otros aspectos, han resultado aspectos positivos para la gran mayoría del alumnado.

Más, siempre hay alguna excepción o pequeño problema a resolver que me parece importante comentar. En el primer cuatrimestre, tuvimos la asignatura de Sociología de la Educación. En esta asignatura agradecemos sus clases expositivas en el salón de actos para que pudiera abarcar a todo el alumnado, y como nos ayudó a aprender sobre las exposiciones. Sin embargo, debo decir que sentíamos una intensa carga de trabajo a la hora de realizar pequeñas prácticas durante la semana, si bien es cierto que, si se le hacía la petición, retrasaba en algunos casos la fecha de entrega. También debo hablar de una cierta “desinformación” acerca del contenido del examen y su forma de evaluar. Aunque al final de esta materia, casi todo el alumnado obtuvo una buena calificación, existió una pequeña confusión en breves momentos del primer cuatrimestre.

Siguiendo con el primer cuatrimestre, es mi deber hablar en nombre del alumnado sobre la asignatura de Teoría e Historia da Educación. En primer lugar, estamos totalmente agradecidos y agradecidas sobre los conocimientos que adquirimos y sobre su manera de dar las clases, una forma sencilla pero muy clara con la cual entendíamos completamente el contenido de la materia. Aunque resulta oportuno comentar los aspectos “negativos” o mejor me gustaría utilizar el término de “mejorables”. El examen de esta materia resultó bastante complicado para la mayoría del alumnado,

en el cual se nos tuvo que ayudar sumando un total de diez puntos a las cualificaciones finales.

En el resto de asignaturas del primer cuatrimestre, Infancia, Familia e Escola, Didáctica y Psicología de la Educación, daré una visión más general ya que tengo conocimiento de nada en concreto que comentar como en las anteriores asignaturas. Tanto estas asignaturas como las ya citadas nos han ayudado a asimilar todas las competencias necesarias para terminar nuestro primer año en la carrera. Como es normal, han habido opiniones contrarias entre el alumnado. Algunas personas decían que en la asignatura de Didáctica se bajaba mucho la puntuación, mientras que otras decían que era adecuada. Es por ello que no sabría que más comentar.

En IFE, aprendimos de todo el profesorado que explicó esta materia y sobre muchos temas diferentes que desconocíamos. En Didáctica aprendimos mucha comprensión lectora con todos los textos legales que tuvimos que consultar, además de la importancia de las exposiciones. Mientras que en Psicología acabamos con una alta práctica en redactar. Agradecemos las clases expositivas en las que se preocupaba mucho en que todos pudiéramos entenderlo correctamente.

Siguiendo con el segundo cuatrimestre, podemos destacar muchos aspectos positivos, y otros que podrían ser “mejorables” (como siempre, a ojos de unos sí, y otras personas no compartirán la misma opinión).

En este cuatrimestre, destacaría solamente la asignatura de Dificultades de Aprendizaje e Trastornos do Desenvolvemento. Gracias a esta asignatura, adquirimos grandes competencias en la comprensión de lecturas y sobre la exposición de estas, además de juegos didácticos en donde la clase se hacía muy entretenida. Lo único que podríamos comentar sería la prueba final, donde hubo algo de “confusión” sobre las preguntas, tanto en nivel de contenidos como en la manera de formular las preguntas.

Sobre las demás asignaturas de este segundo cuatrimestre, Psicología do Desenvolvemento, Ensino e Aprendizaxe de Linguas en Contextos Multilingües, Escola, Comunidade e Tic y Fundamentos da Educación Física. En PDD, obtuvimos importantes habilidades tanto en las prácticas durante el curso como en el proyecto final, además de abordar temas tan importantes como el bullying o el acoso en redes. En Contextos, tuvimos unas clases expositivas claras y con un buen desarrollo de la información, mientras en las interactivas disfrutamos de unas clases didácticas muy amenas. En TIC, pudimos comprender la importancia y los peligros de las redes sociales.

Y, para finalizar, en Educación Física, agradecemos la importancia de los contenidos previos para después ser practicados en las clases interactivas. También, debo indicar en esta asignatura cierta controversia sobre la puntuación mínima necesaria para aprobar la asignatura, que sería de 28 preguntas sobre 40.

Y así, concluiría mi informe sobre mi cargo como delegada en el curso de 2022/2023. Quería dar las gracias a todo el profesorado en nombre del alumnado (donde me incluyo) así como a los cargos directivos, los cuales estuvieron siempre disponibles para cualquier problema que pudo surgir, así como en el desarrollo de mi cargo como delegada, pude contar en todo momento con ellos para resolverme cualquier duda.

Lucía Tosar

ANEXO IV

CALENDARIO DE CARGA DE TRABALLOS DO CURSO

PRIMEIRO SEMESTRE 2022-2023 PRIMEIRO PRIMARIA

DATOS DAS MATERIAS

CÓDIGO	MATERIA	TIPO
G3151101	Socioloxía da educación	FB
G3151102	Infancia, familia e escola	FB
G3151103	Teoría e historia da educación escolar	FB
G3151104	Didáctica e tarefas docentes	FB
G3151105	Psicoloxía da educación	FB

CÓDIGOS DE ACTIVIDADES (resaltar na cor que corresponda os tres últimos díxitos do código da materia. Se unha materia ten dúas actividades o mesmo día, repetir o código da materia resaltado nas dúas cores, por exemplo: **123**, **123**):

- ENTREGA DE TRABALLOS ESCRITOS (pode referirse indistintamente á data límite ou á data específica de entrega)
- PRESENTACIÓN ORAL DE TRABALLOS
- PROBAS PARCIAIS DA MATERIA /EXAMES
- ENTREGA DE TRABALLOS SEN DATA ESPECÍFICA (ao longo dun mes determinado: nese caso, indicar en nota ao pé da táboa do mes correspondente, por exemplo: (*) **123** un traballo neste mes)

SETEMBRO 2022

LU	MA	ME	XO	VE	SA	DO
			1	2	3	4
5	6	7 101	8	9	10	11
12	13	14 101	15	16	17	18
19	20	21 101	22	23	24	25
26	27	28 105	29	30 105		

OUTUBRO 2022

LU	MA	ME	XO	VE	SA	DO
					1	2